



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 457

VIII lexislatura

26 de abril de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Propositions non de lei

3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

08/PNP-1159 (63862)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 2 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos danos causados pola praga do nematodo da madeira do piñeiro nun piñeiral de Taboexa, no concello das Neves [140503](#)

- 08/PNP-1160(63942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Suárez Canal, Alfredo

Sobre a apertura do Centro de Día da Rúa en réxime de xestión pública [140507](#)

- 08/PNP-1161(63970)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e 6 deputados máis

Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia de contratos-programa plurianuais para os centros de ensino non universitarios coa finalidade de acadar un maior éxito e calidade educativa [140509](#)

- 08/PNP-1162(63974)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar a interpretación da normativa legal vixente en materia de sociedades de responsabilidade limitada e mercantís, en relación coas sociedades de fomento forestal SOFOR [140512](#)

- 08/PNP-1163(63982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a compensación das perdas ocasionadas polo incendio producido en Bande o día 8 de abril de 2011 [140515](#)

- 08/PNP-1164(63984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre a compensación das perdas ocasionadas polo incendio producido en Outeiro de Rei o día 8 de abril de 2011 [140518](#)

- 08/PNP-1165(64009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a restitución das licenzas por estudos para o profesorado galego [140521](#)

- 08/PNP-1166(64035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e Méndez Romeu, José Luis
Sobre o cumprimento, na tramitación administrativa de novos parques eólicos ou ampliación dos existentes, do artigo 6 da Directiva Hábitat e do artigo 31 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canón eólico e o Fondo de Compensación Ambiental [140524](#)

- 08/PNP-1167(64037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen e 4 deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción das 1.500 vivendas anunciadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo no polígono vigués de Navia [140526](#)

- 08/PNP-1168(64059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis
Sobre a dotación dunha praza de médico de atención primaria e dunha praza de pediatría ao centro de saúde do concello de Ares [140529](#)

3.6.2. Propositions non de lei en Comisión

- 08/PNC-1762 (63863)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos danos causados pola praga do nematodo da madeira do piñeiro nun piñeiral de Taboexa, no concello das Neves [140532](#)

- 08/PNC-1763(63934)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia para protexer, conservar e divulgar o patrimonio rupestre que se localiza no concello de Cotobade [140536](#)

- 08/PNC-1764(63941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Suárez Canal, Alfredo
Sobre a apertura do Centro de Día da Rúa en réxime de xestión pública [140539](#)

- 08/PNC-1765(63969)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román e 6 deputados máis
Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia de contratos-programa plurianuais para os centros de ensino non universitarios coa finalidade de acadar un maior éxito e calidade educativa [140541](#)

- 08/PNC-1766(63975)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar a interpretación da normativa legal vixente en materia de sociedades de responsabilidade limitada e mercantís, en relación coas sociedades de fomento forestal SOFOR [140544](#)

- 08/PNC-1767(63980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a compensación das perdas ocasionadas polo incendio producido en Bande o día 8 de abril de 2011 [140547](#)

- 08/PNC-1768(63983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre a compensación das perdas ocasionadas polo incendio producido en Outeiro de Rei o día 8 de abril de 2011 [140550](#)

- 08/PNC-1769(63994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Meijón Couselo, Guillermo Antonio
Sobre a posta en marcha de novos comedores escolares en Santiago de Compostela para o curso 2011-2012, e, en concreto, nos colexios Raíña Fabiola e Pío XII [140553](#)

- 08/PNC-1770(64008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a restitución das licenzas por estudos para o profesorado galego [140555](#)

- 08/PNC-1771(64017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a asunción pola Xunta de Galicia da xestión dos comedores escolares dos centros educativos públicos de Santiago de Compostela antes do inicio do curso 2011-2012 [140558](#)

- 08/PNC-1774(64058)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis

Sobre a dotación dunha praza de médico de atención primaria e dunha praza de pediatría ao centro de saúde do concello de Ares [140561](#)

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

- 08/PPP-0237 (64141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación Orquestra, dada a súa alarma social [140564](#)

- 08/PPP-0238(64142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación Orquestra, dada a súa alarma social [140566](#)

- 08/PPP-0239(64143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación Orquestra, dada a súa alarma social [140568](#)

- 08/PPP-0235(64137)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira de Facenda para informar sobre a situación da reordenación do sistema financeiro galego [140570](#)

- 08/PPP-0240(64177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para explicar os procedementos seguidos para outorgar ás empresas as campañas publicitarias da súa consellaría [140571](#)

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

- 08/CPC-0237 (64136)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para informar sobre a situación actual do proceso de desenvolvemento dos obxectos da autorización temporal de carácter experimental para o cultivo de salmón no polígono Muros C e as previsións ao respecto [140573](#)

- 08/CPC-0238(64176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. presidente de Augas de Galicia, para explicar os procedementos seguidos para outorgar ás empresas as campañas publicitarias deste organismo autónomo [140574](#)

4.2. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 08/INT-0805 (63991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

sobre ás modificacións introducidas na orde que regula a convocatoria do contrato de explotación sustentábel (CES) para o ano 2011 [140575](#)

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- 08/POP-2395 (63932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo na organización do I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro [140578](#)

- 08/POP-2396(63943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e 2 deputados máis

Sobre o prazo previsto para a apertura do Centro de Día da Rúa [140581](#)

- 08/POP-2397(63950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o nivel de recursos públicos que vai dedicar a Xunta de Galicia ao control do proceso de licitación previsto pola Administración xeral do Estado para as obras da chegada da alta velocidade ferroviaria a Galicia [140583](#)

- 08/POP-2399(64021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da xestión dos comedores escolares dos centros públicos de Santiago de Compostela [140585](#)

- 08/POP-2400(64030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os motivos do recorte das licenzas por estudos ao profesorado [140588](#)

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

- 08/POC-6915 (63930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo na organización do I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro [140591](#)

- 08/POC-6916(63945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e 2 deputados máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto para a apertura do Centro de Día da Rúa, así como o modelo de xestión que vai ter [140594](#)

- 08/POC-6917(63954)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Quintana González, Anxo Manuel

Sobre o uso da lingua galega nas emisoras "V Televisión" e "Popular TV", adxudicatarias de licenzas de televisión dixital terrestre outorgadas pola Xunta de Galicia [140596](#)

- 08/POC-6918(63988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis

Sobre as actuacións previstas para evitar a repetición dos vertidos de augas residuais no lugar de San Lourenzo, no concello da Pobra de Trives [140598](#)

- 08/POC-6919(63990)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as modificacións introducidas na orde que regula a convocatoria do contrato de explotación sustentábel (CES) para o ano 2011 [140601](#)

- 08/POC-6920(63995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Meijón Couselo, Guillermo Antonio

Sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da asunción da xestión dos comedores escolares en máis centros educativos de Santiago de Compostela para o curso 2011-2012 [140604](#)

- 08/POC-6921 (64015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Varela Sánchez, Ricardo Jacinto

Sobre a utilización dun rótulo nos informativos TX1 e TX2 do día 13 de abril de 2011 durante a información referida á denuncia formulada por un partido político contra o señor alcalde da Coruña [140606](#)

- 08/POC-6926(64018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis

Sobre a valoración e a autorización pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das actuacións do Concello de Lalín nas vivendas do Colexio de Educación Infantil e Primaria Joaquín Loriga, de Prado, o cumprimento da normativa vixente para a súa concesión a docentes e o seguimento das distintas fases da súa adxudicación [140607](#)

- 08/POC-6922(64019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que ten previsto levar adiante a Xunta de Galicia para asumir a xestión directa do servizo de comedor escolar nos centros educativos de Santiago de Compostela [140611](#)

- 08/POC-6923(64024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a situación da subministración eléctrica no barrio da Fraga, no concello de Gondomar, e as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego ao respecto [140615](#)

- 08/POC-6924(64028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre os motivos do recorte das licenzas por estudos ao profesorado [140618](#)

- 08/POC-6925(64029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a existencia de prazas escolares suficientes para cubrir a demanda dos diferentes concellos galegos [140621](#)

4.3.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas

- 08/5PRE-0049(40432) (64217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a situación do proxecto de construción do edificio de vivendas protexidas para xente maior e nova e centro de día no concello das Pontes de García Rodríguez [140502](#)

A Mesa do Parlamento, na reunión do 25 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

08/PNP-1159 (63862)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 2 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos danos causados pola praga do nematodo da madeira do piñeiro nun piñeiral de Taboexa, no concello das Neves

- 08/PNP-1160(63942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Suárez Canal, Alfredo

Sobre a apertura do Centro de Día da Rúa en réxime de xestión pública

- 08/PNP-1161(63970)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e 6 deputados máis

Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia de contratos-programa plurianuais para os centros de ensino non universitarios coa finalidade de acadar un maior éxito e calidade educativa

- 08/PNP-1162(63974)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar a interpretación da normativa legal vixente en materia de sociedades de responsabilidade limitada e mercantís, en relación coas sociedades de fomento forestal SOFOR

- 08/PNP-1163(63982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a compensación das perdas ocasionadas polo incendio producido en Bande o día 8 de abril de 2011

- 08/PNP-1164(63984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a compensación das perdas ocasionadas polo incendio producido en Outeiro de Rei o día 8 de abril de 2011

- 08/PNP-1165(64009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a restitución das licenzas por estudos para o profesorado galego

- 08/PNP-1166(64035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e Méndez Romeu, José Luis
Sobre o cumprimento, na tramitación administrativa de novos parques eólicos ou ampliación dos existentes, do artigo 6 da Directiva Hábitat e do artigo 31 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canón eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

- 08/PNP-1167(64037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cajide Hervés, María del Carmen e 4 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción das 1.500 vivendas anunciadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo no polígono vigués de Navia

- 08/PNP-1168(64059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis

Sobre a dotación dunha praza de médico de atención primaria e dunha praza de pediatría ao centro de saúde do concello de Ares

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 08/PNC-1762 (63863)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos danos causados pola praga do nematodo

da madeira do piñeiro nun piñeiral de Taboexa, no concello das Neves

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-1763(63934)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia para protexer, conservar e divulgar o patrimonio rupestre que se localiza no concello de Cotobade

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/PNC-1764(63941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Suárez Canal, Alfredo

Sobre a apertura do Centro de Día da Rúa en réxime de xestión pública

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1765(63969)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e 6 deputados máis

Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia de contratos-programa plurianuais para os centros de ensino non universitarios coa finalidade de acadar un maior éxito e calidade educativa

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/PNC-1766(63975)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar a interpretación da normativa legal vixente en materia de sociedades de responsabilidade limitada e mercantís, en relación coas sociedades de fomento forestal SOFOR

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-1767(63980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a compensación das perdas ocasionadas polo incendio producido en Bande o día 8 de abril de 2011

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-1768(63983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a compensación das perdas ocasionadas polo incendio producido en Outeiro de Rei o día 8 de abril de 2011

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-1769(63994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Meijón Couselo, Guillermo Antonio

Sobre a posta en marcha de novos comedores escolares en Santiago de Compostela para o curso 2011-2012, e, en concreto, nos colexios Raíña Fabiola e Pío XII

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/PNC-1770(64008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a restitución das licenzas por estudos para o profesorado galego

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/PNC-1771(64017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a asunción pola Xunta de Galicia da xestión dos comedores escolares dos centros educativos públicos de Santiago de Compostela antes do inicio do curso 2011-2012

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/PNC-1774(64058)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis

Sobre a dotación dunha praza de médico de atención primaria e dunha praza de pediatría ao centro de saúde do concello de Ares

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/CPP-0237 (64141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación Orquestra, dada a súa alarma social

- 08/CPP-0238(64142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación Orquestra, dada a súa alarma social

- 08/CPP-0239(64143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación Orquestra, dada a súa alarma social

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/CPP-0235(64137)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira de Facenda para informar sobre a situación da reordenación do sistema financeiro galego

- 08/CPP-0240(64177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para explicar os procedementos seguidos para outorgar ás empresas as campañas publicitarias da súa consellaría

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 08/CPC-0237 (64136)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para informar sobre a situación actual do proceso de desenvolvemento dos obxectos da autorización temporal de

carácter experimental para o cultivo de salmón no polígono Muros C e as previsións ao respecto
Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/CPC-0238(64176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. presidente de Augas de Galicia, para explicar os procedementos seguidos para outorgar ás empresas as campañas publicitarias deste organismo autónomo
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

4.2. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 08/INT-0805 (63991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

sobre ás modificacións introducidas na orde que regula a convocatoria do contrato de explotación sustentábel (CES) para o ano 2011

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/POP-2395 (63932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo na organización do I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro

- 08/POP-2396(63943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio e 2 deputados máis
Sobre o prazo previsto para a apertura do Centro de Día da Rúa

- 08/POP-2397(63950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre o nivel de recursos públicos que vai dedicar a Xunta de Galicia ao control do proceso de licitación previsto pola

Administración xeral do Estado para as obras da chegada da alta velocidade ferroviaria a Galicia

- 08/POP-2399(64021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da xestión dos comedores escolares dos centros públicos de Santiago de Compostela

- 08/POP-2400(64030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre os motivos do recorte das licenzas por estudos ao profesorado

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 08/POC-6915 (63930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo na organización do I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro
Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-6916(63945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio e 2 deputados máis
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto para a apertura do Centro de Día da Rúa, así como o modelo de xestión que vai ter
Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-6917(63954)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Quintana González, Anxo Manuel
Sobre o uso da lingua galega nas emisoras "V Televisión" e "Popular TV", adxudicatarias de licenzas de televisión dixital terrestre outorgadas pola Xunta de Galicia
Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-6918(63988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis
Sobre as actuacións previstas para evitar a repetición dos vertidos de augas residuais no lugar de San Lourenzo, no concello da Pobra de Trives
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-6919(63990)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as modificacións introducidas na orde que regula a convocatoria do contrato de explotación sustentábel (CES) para o ano 2011
Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-6920(63995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Meijón Couselo, Guillermo Antonio
Sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da asunción da xestión dos comedores escolares en máis centros educativos de Santiago de Compostela para o curso 2011-2012
Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-6921 (64015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre a utilización dun rótulo nos informativos TX1 e TX2 do día 13 de abril de 2011 durante a información referida á denuncia formulada por un partido político contra o señor alcalde da Coruña
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 08/POC-6926(64018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis
Sobre a valoración e a autorización pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das actuacións do Concello de Lalín nas vivendas do Colexio de Educación Infantil e Primaria Joaquín Loriga, de Prado, o cumprimento da normativa vixente para a súa concesión a docentes e o seguimento das distintas fases da súa adxudicación
Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-6922(64019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que ten previsto levar adiante a Xunta de Galicia para asumir a xestión directa do servizo de comedor escolar nos centros educativos de Santiago de Compostela
Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-6923(64024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a situación da subministración eléctrica no barrio da Fraga, no concello de Gondomar, e as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego ao respecto
Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-6924(64028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os motivos do recorte das licenzas por estudos ao profesorado

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-6925(64029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a existencia de prazas escolares suficientes para cubrir a demanda dos diferentes concellos galegos

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

4.3.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 08/SPRE-0049(40432) (64217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a situación do proxecto de construción do edificio de vivendas protexidas para xente maior e nova e centro de día no concello das Pontes de García Rodríguez

A Mesa acorda a súa re conversión solicitada no doc. núm. 64217, en pregunta con resposta oral na Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas, **Emma Alvarez Chao, Marta Valcárcel Gómez e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos

A aparición dunha mostra positiva do nematodo do piñeiro nun piñeiral de Taboexa no Concello das Neves motivou que o DOG do 17 de Novembro do 2010 publicara a Resolución do 17 de Novembro da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* e se iniciaran as medidas encamiñadas a súa erradicación.

Dende o primeiro momento que se detectou o foco a Xunta de Galicia actuou con dilixencia. Puxéronse en marcha diversas medidas, tales como a información ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Medio Mariño e de inmediato se puxeron en marcha as actuacións precisas para a erradicación do foco, así como as prospeccións sistemáticas co fin de determinar o alcance da enfermidade e a adopción de tódalas medidas fitosanitarias previstas na normativa comunitaria, falamos da obriga de cortar e talar todas as coníferas nun radio de 1500 m. e a área de corentena en 20 Km. que abarca máis de 50.000 Ha.

Estas medidas encamiñadas a erradicación do Nematodo do Piñeiro traen carreadas unha serie de actuacións, tales como o tratamento NIMF 15 en toda a Madeira que procede da zona demarcada por parte das industrias ubicadas nesta zona ou a necesidade de plantexarse a reforestación da zona danada ou inclusive buscarse outros usos.

Por outro lado, na pasada comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o Portavoz do Grupo Parlamentario Nacionalista alarmaba da saída de Madeira da zona sen os pertinentes controis sanitarios, feito que nos parece preocupante de ser certo e moi dañino en caso de ser unha falacia.

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Priorizar ás empresas da zona afectada pola Praga do Nematodo do Piñeiro dentro das liñas de axuda que se convoquen dende a Xunta de Galicia, independentemente dos fondos cos que se poidan financiar, a fin de dotar das infraestructuras e métodos necesarios para incrementar a viabilidade do sector forestal e instalar, en caso de ser necesario equipos de tratamentos de madeira.
- 2.- Priorizar aos propietarios forestais da área de corentena establecida ao declarar a Praga do Nemátodo do Piñeiro nas ordes de axuda da Dirección Xeral de Montes relativas a recuperación do potencial forestal incluíndo novas reforestacións e, ou, traballos silvícolas.
- 3.- Facer unha campaña de divulgación das ordes de axudas convocadas pola Xunta de Galicia onde sexan prioritarios os empresarios e propietarios das zonas afectadas polo nematodo do piñeiro.
- 4.- Contemplan a financiación necesaria para reparar os danos ocasionados nas vías públicas, como consecuencia do paso continuado de maquinaria pesada para facer as labores de talado e retirada da madeira na zona de erradicación.

- 5.- Divulgar e prestar o apoio técnico necesario para reorientar a recuperación, do territorio afectado pola declaración da presenza do nematodo do piñeiro en Galicia e no caso de que se volva a actividade forestal, a través de agrupacións de propietarios forestais, nomeadamente, a través das Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR) reguladas polo Decreto 45/2011 do 10 de marzo publicado no DOG do día 23 de marzo.
- 6.- Negociar con Bruselas unha axuda para colaborar cos custes engadidos polo tratamento térmico ao que se deba someter a madeira da zona.
- 7.- Facer plan de vixilancia exhaustivo sobre a madeira e derivados que saen da zona demarcada a fin de evitar que saia madeira da zona demarcada sen pasar os controis sanitarios tal como denuncia o BNG.
- 8.- Realizar un estudio baseado no coñecemento adquirido tanto en España como en Portugal, así como outros países sobre o Nematodo da Madeira do Piñeiro de xeito que se promova dende Galicia un adecuado axuste da Normativa Comunitaria procurando a maior eficacia nas medidas de prevención e loita contra este organismo en corentena”.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011


Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/04/2011 14:27:59

Maria Emma Álvarez Chao na data 13/04/2011 14:28:16

Marta Valcárcel Gómez na data 13/04/2011 14:28:33

Rosa Oubiña Solla na data 13/04/2011 14:28:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 63942
Data envío: 13/04/2011 19:13:59.608

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano**, **Alfredo Suárez Canal** e da súa deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ás previsións de abertura do Centro de Día da Rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Día da Rúa cóntase entre os 20 Centros de Día construídos e promovidos polo goberno anterior que a Xunta do PP mantén pechados. Finalizado en 2009 a abertura deste Centro de Día acumula xa unha demora de case dous anos, malia estar completamente equipado e existir unha elevada demanda na Rúa e a súa comarca.


Así as cousas, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI:

O Parlamento insta ao goberno a proceder con carácter inmediato á abertura do Centro de Día da Rúa en réxime de xestión pública.

Santiago de Compostela, a 13 de abril de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado e Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 63942
Data envío: 13/04/2011 19:13:59.608

Alfredo Suárez Canal

Deputado do G.P. do BNG

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 13/04/2011 19:12:03

Alfredo Suárez Canal na data 13/04/2011 19:12:06

María Tereixa Paz Franco na data 13/04/2011 19:12:09

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Pedro Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Ignacio López-Chaves Castro, María Soledad Piñeiro Martínez e Marta Valcárcel Gómez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos.

Desde o PP de Galicia entendemos que a educación é o mellor investimento de futuro e a clave para acadar un modelo social máis xusto que posibilite unha maior calidade de vida e unha base produtiva máis competitiva.

Desde a Xunta de Galicia lévanse implementando ao longo desta lexislatura unha serie de medidas e reformas orientadas a mellorar a calidade integral do sistema educativo, tales como a decidida aposta pola inserción das TIC no ensino, o fomento do plurilingüismo ou a aposta polo reforzamento do protagonismo do profesorado ou dunha maior participación das familias.

Nesta liña de modernización somos conscientes de que é preciso seguir a introducir e impulsar novos proxectos orientados a estimular accións que xeren unha maior cultura do esforzo e da excelencia, a incrementar a autonomía organizativa dos centros e a lograr unha maior implicación do profesorado no obxectivo compartido de lograr un maior éxito escolar.

Nesta liña desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vense de anunciar a posta en marcha de xeito pioneiro en Galicia dos Contrato-Programa (CP) para os centros de ensino non universitarios, seguindo a estela doutras CCAA e mesmo das universidades galegas onde neste momento están en elaboración.

Os CP están chamados a converterse nunha estratexia fundamental para o estímulo dunha maior cultura do esforzo e de mellora dos resultados, que xunto a unha maior autonomía dos centros, deben acompañar ás medidas xa implementarias no proceso de mellora integral do sistema educativo. A súa posta en funcionamento posibilitará que quen máis se esforza, tanto por parte do alumnado como do profesorado, vexa recoñecida e incentivada a súa actividade, a fin de mellorar o conxunto do sistema educativo.

Por estes motivos:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar CP plurianuais coa finalidade de acadar un maior éxito e calidade educativa, partindo de criterios como:

- Desenvolvemento de programas favorecedores dunha autonomía responsable dos centros educativos na xestión organizativa e pedagóxica.
- Deseño de modelos de avaliación nos que primen criterios de mellora de resultados.
- Impulso dunha maior participación, implicación e corresponsabilidade das familias no desenvolvemento do proceso educativo.
- Deseño de programas orientados a potenciar a aprendizaxe dos alumnos de maior rendemento e motivación escolar.
- Elaboración de plans de integración de colectivos específicos con dificultade de aprendizaxe.
- Cooperación efectiva dos centros educativos cos concellos e outras institucións do seu entorno.”

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/04/2011 10:46:16

Román Rodríguez González na data 14/04/2011 10:46:23

Pedro Manuel Arias Vieira na data 14/04/2011 10:46:26

Natalia Barros Sánchez na data 14/04/2011 10:46:30

Yolanda Díaz Lugilde na data 14/04/2011 10:46:33

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 14/04/2011 10:46:38

María Soledad Piñeiro Martínez na data 14/04/2011 10:46:43

Marta Valcárcel Gómez na data 14/04/2011 10:46:48

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa das deputadas e deputados, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, José Antonio García López, Yolanda Díaz Lugilde, Agustín Baamonde Díaz, Enrique Novoa López e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos

A excesiva fragmentación da propiedade forestal e o seu baixo nivel de articulación corporativa, son unha eiva para a sustentabilidade e rendibilidade do monte galego, posto que dificultan a constitución de explotacións técnica e economicamente viables, o que impide a súa rendibilidade. Isto provoca un nivel moi elevado de abandono ou de baixo coidado, así como a falta de implicación do capital privado.

Para conseguir un aproveitamento económico rendible e sostible, é fundamental dispoñer dunha superficie mínima que favoreza a implantación dun instrumento forestal axeitado e unha xestión eficiente dos diferentes usos e aproveitamentos do monte.

Por eses motivos, o actual goberno da Xunta, considerou estratéxica a definición dunha figura societaria, baseada no dereito privado, que se adapte ás necesidades do monte galego, orientada á ordenación forestal cun modelo de xestión conxunta sostible, que posibilita a posta en valor do monte, como son as Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).

O goberno da Xunta, ven de aprobar o Decreto polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro, que favorecerá a agrupación forestal e significará un pulo importante para a modernización do monte galego.

As Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), nacen como figuras societarias que favorecen a xestión conxunta e viable do monte galego por parte dos propietarios forestais, de maneiras voluntaria, con normas claras e garantía xurídica plena para todos os axentes implicados.

Segundo o citado Decreto, serán consideradas como Sociedades de Fomento Forestal, aquelas sociedades mercantís que asocian a titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, que ceden os seus dereitos á sociedade, podendo asociar tamén a outras persoas físicas ou xurídicas e que cumpran, entre outros requisitos, ter a forma xurídica de sociedade de responsabilidade limitada, de acordo co estipulado pola Lei 2/1995, de 23 de Marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e pola demais lexislación de carácter mercantil que lles resulte de aplicación.

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Pleno.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar unha serie de cursos de formación a distintos niveis dirixidos a, por unha banda, técnicos da Administración, e por outra, a silvicultores e outros profesionais, en xeral. Estas accións formativas deberán afondar nos seus contidos de tal xeito que os destinatarios coñezan con suficiente garantía a Lei 2/1995 de 23 de Marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e así poidan realizar unha eficaz interpretación da mesma en relación ás Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).

- 2.- Redactar, publicar e difundir un documento técnico que inclúa as consultar que se podan considerar mais frecuentes, sobre sociedades mercantís e a súa xestión, dirixido tanto a profesionais como a propietarios forestais en xeral, e un Manual sobre estas sociedades orientado a profesionais do sector. Ambos documentos deberán ser descargables, para a súa maior divulgación, desde a páxina web da Consellería do Medio Rural”.

Santiago de Compostela, 14 de Abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/04/2011 10:59:38

Maria Emma Álvarez Chao na data 14/04/2011 10:59:50

Maria Isabel García Pacín na data 14/04/2011 10:59:59

Jose Antonio García López na data 14/04/2011 11:00:18

Yolanda Díaz Lugilde na data 14/04/2011 11:00:29

Agustin Baamonde Díaz na data 14/04/2011 11:00:37

Enrique Novoa López na data 14/04/2011 11:00:46

Rosa Oubiña Solla na data 14/04/2011 11:00:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa á compensación das perdas ocasionadas polo incendio que se produciu en Bande o día 8 de abril.

Nos últimos días téñense producido importantes incendios na nosa nación, sendo de especial relevancia o acontecido en Bande, polas súas dimensións e en Outeiro de Rei.

Desde o primeiro momento, no caso do incendio de Bande, desde organizacións ecoloxistas e o propio alcalde manifestaron que a súa orixe podería estar vinculada á realización dunha queima controlada, tese que parece non desbotar a Consellaría do Medio Rural, que mesmo informou da existencia dunha investigación ao respecto.

Hai que destacar que o día en que se produciron estes lumes tratábase dun día, o terceiro consecutivo, no que Galiza estaba baixo unha situación meteorolóxica extrema en canto a temperaturas, especialmente na provincia de Ourense, da que se viña alertando por parte das axencias meteorolóxicas desde días antes. Porén, a pesar desta situación, coñecida e previsíbel, non se produciu ate o día de hoxe a suspensión de todas as autorizacións de queimas controladas por parte da Consellaría do Medio Rural.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que si en todos os caos é preciso aclarar as condicións e circunstancias en que se inician e propagan os lumes forestais, neste caso á vista das circunstancias que poderían ter concorrido estas aclaracións vólvense imprescindíbeis para determinar posíbeis erros ou deficiencias no funcionamento dos protocolos cos que opera a Consellaría do Medio Rural.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas para facer fronte ás perdas provocadas polo incendio forestal que tivo lugar en Bande e Vereas o pasado día 8 de abril:

1.- Avaliar a contía das perdas que se produciron no monte afectado por dito incendio tanto na produción madeireira como noutras producións, así como no seu potencial cinxético e nas súas infraestruturas.

2.- Establecer medidas da axuda, a través dunha orde ao efecto, para os que os propietarios afectados poidan facer fronte ás súas perdas e restaurar o potencial forestal.

3.- Adoptar medidas para a rexeneración da superficie afectada para evitar a súa erosión e deterioro.

4.- Establecer un plan, en colaboración coas asociacións, para a recuperación da capacidade e potencial cinxético dos montes afectados.


Santiago de Compostela, 14 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 14/04/2011 13:32:23

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/04/2011 13:32:26



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco** e do deputado **Fernando Blanco Alvarez** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa á compensación das perdas ocasionadas polo incendio que se produciu en Outeiro de Rei o día 8 de abril.

Nos últimos días téñense producido importantes incendios na nosa nación, sendo de especial relevancia o acontecido en Bande, polas súas dimensións e en Outeiro de Rei.

Desde o primeiro momento, no caso do incendio de Outeiro de Rei, desde diversos ámbitos manifestaron que a súa orixe podería estar vinculada á realización dunha queima controlada, tese que parece non desbotar a Consellaría do Medio Rural, que mesmo informou da existencia dunha investigación ao respecto.

Hai que destacar que o día en que se produciron estes lumes tratábase dun día, o terceiro consecutivo, no que Galiza estaba baixo unha situación meteorolóxica extrema en canto a temperaturas, da que se viña alertando por parte das axencias meteorolóxicas desde días antes. Porén, a pesar desta situación, coñecida e previsíbel, non se produciu ate o día de hoxe a suspensión de todas as autorizacións de queimas controladas por parte da Consellaría do Medio Rural.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que si en todos os caos é preciso aclarar as condicións e circunstancias en que se inician e propagan os lumes forestais, neste caso á vista das circunstancias que poderían ter concurrido estas aclaracións vólvense imprescindíbeis para determinar posíbeis erros ou deficiencias no funcionamento dos protocolos cos que opera a Consellaría do Medio Rural.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e deputado asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas para facer fronte ás perdas provocadas polo incendio forestal que tivo lugar en Outeiro de Rei o pasado día 8 de abril:

1.- Avaliar a contía das perdas que se produciron no monte afectado por dito incendio tanto na produción madeireira como noutras producións e nas súas infraestruturas.

2.- Establecer medidas da axuda, a través dunha orde ao efecto, para os que os propietarios afectados poidan facer fronte ás súas perdas e restaurar o potencial forestal.

3.- Adoptar medidas para a rexeneración da superficie afectada para evitar a súa erosión e deterioro.

Santiago de Compostela, 12 de Abril de 2011


Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Fernando Blanco Alvarez

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 14/04/2011 13:45:49

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 14/04/2011 13:45:52

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/04/2011 13:45:54



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:28
Nº Rexistro: 64009
Data envío: 15/04/2011 12:28:27.102

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria está a reducir de forma considerábel os dereitos de formación do profesorado galego. Se cadra cómpre lembrar que a formación do profesorado é un aspecto básico da calidade educativa. De feito, a propia Lei Orgánica de Educación destaca a súa importancia adicándolle o capítulo III que define a formación inicial, a formación permanente e a formación permanente do profesorado de centros públicos. Asemade recoñece como parte da función docente a exixencia de formación e a necesidade de actualización, innovación e investigación. A formación permanente queda plasmada en dita lei como “un dereito e unha obrigaón de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións educativas e dos propios centros”.

En Galiza o modelo de formación do profesorado acaba de sufrir un novo e forte recorte. A Consellaría de Educación elimina, sen ter o consenso na Mesa Sectorial, as catro modalidades de duración anual e reduce as cuadrimestrais a trimestrais das licenzas por estudos. Dun só plumazo son liquidadas 58 prazas para realizar Teses de doutoramento, licenciaturas e diplomaturas. Asemade, todas as licenzas cuadrimestrais redúcense a trimestrais ou bimensuais, das modalidades de formación en linguas estranxeiras exclúense todos e todas os/as especialistas en linguas (galego,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:28
Nº Rexistro: 64009
Data envío: 15/04/2011 12:28:27.102

castelán, inglés, francés, portugués, alemán,...) e tamén todo o profesorado que non teña o nivel B1. Asemade o profesorado que imparte Educación Infantil, Formación Profesional, Bacharelato ou ensinanzas especiais superiores e de idiomas queda excluído das modalidades de elaboración de materiais dixitais dirixidas exclusivamente a materiais para terceiro ciclo de Primaria e primeiro da ESO. Tampouco se recollen licenzas para a realización de proxectos para a galeguización dos currículos, nin para a elaboración de materiais en galego para FP ou as ensinanzas artísticas, unha necesidade que non se pode negar desde a propia Administración.

Tamén debemos destacar como esta nova convocatoria favorece a discrecionalidade na concesión das licenzas, pois o peso da valoración do proxecto pasa a ser do 50% e noutras o 100%, cando até agora era do 30%. Redúcese así o peso da puntuación obxectiva e vai ser a decisión tomada pola comisión integrada pola propia Consellaría.

Asistimos realmente a unha redución superior ao 27% respecto aos anos anteriores. Elimínase a investigación e a innovación ligada aos currículos educativos, ao eliminar todas as licenzas destinadas á elaboración de teses -considérese que até agora valorábase nelas *“a súa relación co currículo das áreas ou materias de todas as etapas educativas e o interese que ofrezca para mellorar a calidade do ensino”*-, imposibilitando que o profesorado non universitario faga investigación, e suprime todas as relacionadas coa obtención dunha primeira ou segunda titulación. Impídelle ao profesorado que non ten a titulación requirida para o seu posto, por mor dos cambios lexislativos que agora esixen unha nova titulación, que acceda a unha licenza para obter unha diplomatura ou licenciatura para estabilizarse no seu posto de traballo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:28
Nº Rexistro: 64009
Data envío: 15/04/2011 12:28:27.102

Ante este ataque aos dereitos do profesorado en materia de formación, presentase a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á restitución inmediata das lizezas por estudos para o profesorado galego. Xa que son un dereito do profesorado no camiño de mellorar a súa formación a nivel académico".

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.


Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 12:25:37

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/04/2011 12:25:42

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Gallego Calvar e José Luis Méndez Romeu**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

No primeiro trimestre deste ano 2011 a Xunta de Galicia iniciou a tramitación de información pública de 10 parques eólicos, dous dos cales son ampliacións de parques xa existentes.

Estes parques situados 5 na provincia de A Coruña, 3 na provincia de Pontevedra, 1 na provincia de Ourense e 1 na de Lugo son proxectos antigos que probablemente no seu día cando se realizou o Plan Sectorial non se someteron a trámites de avaliación ambiental estratéxica.

Do que vamos coñecendo cando menos 6 invaden zonas incluídas na Rede Natura 2000 e con hábitats prioritarios e a totalidade dos 10 parques acollen nas súas localizacións especies ameazadas.

Dado que dende o ano 2004 os plans e proxectos sectoriais están obrigados a realizar avaliación ambiental estratéxica por lexislación comunitaria e que a propia lexislación vixente en Galicia sobre a enerxía eólica prevé na actualidade a non construción de novos parques eólicos no ámbito da Rede Natura 2000, é necesario coñecer cal vai ser a actuación da Xunta de Galicia nestes termos respecto destes 10 parques eólicos e os que puideran vir máis adiante nas mesmas circunstancias.

Avaliar os efectos sobre os hábitat de conservación prioritarios e posibles alternativas, sobre as especies incluídas nos catálogos de especies ameazadas e medidas mitigadoras, inclusión de medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos plans de conservación de especies ameazadas, sobre os efectos acumulativos cos parques eólicos xa existentes, sobre a mortandade das especies nos viais de acceso, etc., son



Grupo Parlamentario

algunhas das obrigas legais que debe cumprir o Goberno, nós consideramos ademais que é imprescindible a avaliación ambiental estratéxica tamén por razón de seguridade xurídica aos promotores dos parques.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por isto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir cos preceptos emanados do artigo 6 da Directiva Hábitat e do artigo 31 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación ambiental na tramitación administrativa de novos parques eólicos ou ampliación dos existentes, sexa cal sexa a data de autorización do seu Plan ou proxecto sectorial.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar

José Luis Méndez Romeu

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez


Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 15/04/2011 16:13:16

Jose Luis Méndez Romeu na data 15/04/2011 16:13:22

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/04/2011 16:13:26

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e os seus deputados **Carmen Cajide Hervés, Mar Barcón Sánchez, José Manuel Gallego Lomba, M^a José Caride Estévez e Abel Losada Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

O pasado 6 de abril podíamos ver, nos medios de comunicación, como os máximos dirixentes do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), órgano da administración galega ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de política de vivenda, anunciaban a construción de 1.500 novas vivendas no Polígono de Navia (Vigo).

Tan grata noticia (queremos crer quen non se trata dunha simple promesa electoral) quedou escurecida, solo tres días despois, por outra na que podíamos ver como se facían públicas novas denuncias sobre supostas irregularidades na adxudicación de vivenda de protección oficial no Polígono de Navia. Neste caso, trátase de persoas afectadas pola construtora Rabo de Galo S.L, por supostos sobrecustes na adxudicación de vivenda de protección oficial.

No Polígono de Navia xa se teñen dado outros casos de que promotoras responsables de construción de vivendas de promoción oficial en Navia se vexan envoltas en denuncias por esa mesma práctica irregular. Levamos unha década ó longo da cal puidemos ir vendo como as persoas afectadas tiñan que recorrer, tanto por vía administrativa como pola penal, para defenderse dos abusos de construtoras como: Provifas S.L., Vigolar S.L., Construcuatro S.L., e agora Rabo de Galo S.L., todas elas responsables da construción vivendas de protección oficial no Polígono Navia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista pensamos que toda esta cadea de denuncias, esas irregularidades (nuns casos probadas, noutros supostas) de moitas das promotoras responsables da construción de vivenda de protección oficial no Polígono vigués de Navia, así como, anuncios poucos



Grupo Parlamentario

rigorosos en precampaña electoral, pode supoñer un grave descrédito da política de vivenda da Xunta de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Entregar nesta Cámara, no prazo mínimo dun mes, o proxecto de execución que garanta a construción das 1.500 vivendas de promoción pública e demais actuacións no Polígono vigués de Navia, segundo o anuncio feito polo IGVS o 5 de abril do 2011.
2. Garantir o inicio do comezo das obras dentro do prazo mínimo legal establecido, tendo en conta a data do anuncio feito polo IGVS.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés

Mar Barcón Sánchez

José Manuel Gallego Lomba

Mª José Caride Estevez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


María del Carmen Cajide Hervés na data 15/04/2011 16:15:03

María del Mar Barcón Sánchez na data 15/04/2011 16:15:13

José Manuel Gallego Lomba na data 15/04/2011 16:15:22

María José Caride Estévez na data 15/04/2011 16:15:26



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/04/2011 16:15:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Beatriz Seatayo Doce**, **Carmen Acuña do Campo** e dos seus deputados **Modesto Pose Mesura** e **José Tomé Roca**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O deterioro da sanidade pública dende a chegada de Núñez Feijoo ao Goberno de Galicia vén sendo continua e permanente. A privatización dos centros de saúde, o recorte orzamentario, a desaparición de servizos básicos e de programas postos en marcha polo Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño son só algún dos exemplos entre moitos que se poderían citar.

O dereito à saúde, un dos dereitos vulnerados polo Goberno da dereita, non pode ser mermado, deteriorado nin mercalizado. A garantía dun servizo público de calidade debe ser un dos principios irrenunciabes dunha sociedade democrática, un dereito que se ve mermado nos lugares onde a dereita goberna .

A falla de personal facultativo é un dos graves problemas que atopan os centros de saúde dos municipios galegos, colapsando a atención médica e pediátrica en moitos lugares.

En concreto e polo que respecta ao concello de Ares, a falla de persoal médico é un dato evidente. O persoal médico de Ares vén atendendo a un número de pacientes que duplican a ratio do aconsellado polo Sergas, uns datos que se multiplican ata o extremo en verán, xa que a poboación de Ares chega a cuatuplicarse

No caso do servizo de pediatría os datos son igualmente escandalosos. A poboación infantil que atende a pediatra asignada a Ares é o dobre da que



Grupo Parlamentario

tiña que ter por cupo, dándose o caso de que ademáis a pediatra está a media xornada tendo que compartir a atención a Ares e a Mugardos.

Resulta evidente e palmaria a necesidade de dotar ao centro de saúde de Ares de máis persoal, sinaladamente dunha praza máis de médico e outro de pediatría, unhas previsións que xa tiña contempladas o bipartito.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dotar de forma inminente ao Concello de Ares dunha praza médica de atención primaria e dunha praza de pediatría en exclusiva e a tempo completo no seu centro de saúde”

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2011

Asdo.: Beatriz Seatayo Doce
Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
José Tomé Roca
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 18/04/2011 11:53:07

María del Carmen Acuña do Campo na data 18/04/2011 11:53:19

Modesto Pose Mesura na data 18/04/2011 11:53:33



 Grupo Parlamentario

José Tomé Roca na data 18/04/2011 11:53:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/04/2011 11:53:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas e deputados, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Yolanda Díaz Lugilde, Rosa Oubiña Solla, José Antonio García López, Agustín Baamonde Díaz e Enrique Novoa López**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos

A aparición dunha mostra positiva do nematodo do piñeiro nun piñeiral de Taboexa no Concello das Neves motivou que o DOG do 17 de Novembro do 2010 publicara a Resolución do 17 de Novembro da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* e se iniciaran as medidas encamiñadas a súa erradicación.

Dende o primeiro momento que se detectou o foco a Xunta de Galicia actuou con dilixencia. Puxéronse en marcha diversas medidas, tales como a información ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Medio Mariño e de inmediato se puxeron en marcha as actuacións precisas para a erradicación do foco, así como as prospeccións sistemáticas co fin de determinar o alcance da enfermidade e a adopción de tódalas medidas fitosanitarias previstas na normativa comunitaria, falamos da obriga de cortar e talar todas as coníferas nun radio de 1500 m. e a área de corentena en 20 Km. que abarca máis de 50.000 Ha.

Estas medidas encamiñadas a erradicación do Nematodo do Piñeiro traen carreadas unha serie de actuacións, tales como o tratamento NIMF 15 en toda a Madeira que procede da zona demarcada por parte das industrias ubicadas nesta zona ou a necesidade de plantexarse a reforestación da zona danada ou inclusive buscarse outros usos.

Por outro lado, na pasada Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o Portavoz do Grupo Parlamentario Nacionalista alarmaba da saída de Madeira da zona sen os pertinentes controis sanitarios, feito que nos parece preocupante de ser certo e moi dañino en caso de ser unha falacia.

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Priorizar ás empresas da zona afectada pola Praga do Nematodo do Piñeiro dentro das liñas de axuda que se convoquen dende a Xunta de Galicia, independentemente dos fondos cos que se poidan financiar, a fin de dotar das infraestructuras e métodos necesarios para incrementar a viabilidade do sector forestal e instalar, en caso de ser necesario equipos de tratamentos de madeira.
- 2.- Priorizar aos propietarios forestais da área de corentena establecida ao declarar a Praga do Nemátodo do Piñeiro nas ordes de axuda da Dirección Xeral de Montes relativas a recuperación do potencial forestal incluíndo novas reforestacións e, ou, traballos silvícolas.

- 3.- Facer unha campaña de divulgación das ordes de axudas convocadas pola Xunta de Galicia onde sexan prioritarios os empresarios e propietarios das zonas afectadas polo nematodo do piñeiro.
- 4.- Contemplan a financiación necesaria para reparar os danos ocasionados nas vías públicas, como consecuencia do paso continuado de maquinaria pesada para facer as labores de talado e retirada da madeira na zona de erradicación.
- 5.- Divulgar e prestar o apoio técnico necesario para reorientar a recuperación, do territorio afectado pola declaración da presenza do nematodo do piñeiro en Galicia e no caso de que se volva a actividade forestal, a través de agrupacións de propietarios forestais, nomeadamente, a través das Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR) reguladas polo Decreto 45/2011 do 10 de marzo publicado no DOG do día 23 de marzo.
- 6.- Negociar con Bruselas unha axuda para colaborar cos custes engadidos polo tratamento térmico ao que se deba someter a madeira da zona.
- 7.- Facer plan de vixilancia exhaustivo sobre a madeira e derivados que saen da zona demarcada a fin de evitar que saia madeira da zona demarcada sen pasar os controis sanitarios tal como denuncia o BNG.

- 8.- Realizar un estudio baseado no coñecemento adquirido tanto en España como en Portugal, así como outros países sobre o Nematodo da Madeira do Piñeiro de xeito que se promova dende Galicia un adecuado axuste da Normativa Comunitaria procurando a maior eficacia nas medidas de prevención e loita contra este organismo en corentena”.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/04/2011 14:29:45

Maria Emma Álvarez Chao na data 13/04/2011 14:29:58

Maria Isabel García Pacín na data 13/04/2011 14:30:07

Yolanda Díaz Lugilde na data 13/04/2011 14:30:20

Rosa Oubiña Solla na data 13/04/2011 14:30:30

Jose Antonio García López na data 13/04/2011 14:30:51

Agustin Baamonde Díaz na data 13/04/2011 14:30:59

Enrique Novoa López na data 13/04/2011 14:31:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:48
Nº Rexistro: 63934
Data envío: 13/04/2011 17:48:56.284

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa ás actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galiza para protexer, conservar e divulgar o patrimonio rupestre que se localiza no concello de Cotobade.

Galiza conta cun importante patrimonio arqueolóxico. Destaca o elevado número de gravados rupestres prehistóricos que se concentran en determinadas zonas do noso territorio e que constitúen un patrimonio cultural único, tanto polas súas características orixinais, como polo seu valor histórico. Os petroglifos, algúns de antigüidade superior aos 5000 anos, son documentos de grande importancia, dos que temos o privilexio da súa pervivencia e a obriga de preservar para as xeracións futuras.

Un dos concellos que destaca pola súa riqueza arqueolóxica é o de Cotobade. No seu termo municipal hai unha das concentracións de petroglifos máis importante de Galiza: A Pedra das Ferraduras en Fentáns, o Lombo da Costa en San Xurxo de Sacos, A Portela das Laxes e a Laxe das Coutadas en Viascón e A Porteliña da Corte en Aguasantas.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) considera que este rico e valioso patrimonio debe ser protexido e divulgado, aproveitando o seu potencial como elemento de dinamización económica e cultural, garantindo a súa preservación e un bo estado de conservación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:48
Nº Rexistro: 63934
Data envío: 13/04/2011 17:48:56.284

Hai anos que se iniciou o proceso para poñer en marcha o Parque de Arte Rupestre de Campo Lameiro. Esta infraestrutura debe ser aproveitada para poñer en marcha un proxecto que integre a protección, investigación e xestión dos petróglifos galegos, particularmente daqueles que se atopan máis cerca do Parque. De feito este Parque pode ter unha continuidade no Concello de Cotobade, que amplíe a actual dimensión do mesmo e o patrimonio que se empraza no seu ámbito.

Polo dito, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:


O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver as accións necesarias para declarar como BIC os xacementos de A Pedra das Ferraduras en Fentáns, o Lombo da Costa en San Xurxo de Sacos, A Portela das Laxes e a Laxe das Coutadas en Viascón e A Porteliña da Corte en Aguasantas.
2. Ampliar o ámbito do Parque de Arte Rupestre de Campo Lameiro, de maneira que integre os xacementos que se emprazan no concello de Cotobade.
3. Garantir a conservación, investigación e divulgación do patrimonio arqueolóxico do Concello de Cotobade.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:48
Nº Rexistro: 63934
Data envío: 13/04/2011 17:48:56.284

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/04/2011 17:47:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 63941
Data envío: 13/04/2011 19:13:37.077

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano**, **Alfredo Suárez Canal** e da súa deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa ás previsións de abertura do Centro de Día da Rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Día da Rúa cóntase entre os 20 Centros de Día construídos e promovidos polo goberno anterior que a Xunta do PP mantén pechados. Finalizado en 2009 a abertura deste Centro de Día acumula xa unha demora de case dous anos, malia estar completamente equipado e existir unha elevada demanda na Rúa e a súa comarca.


Así as cousas, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI:

O Parlamento insta ao goberno a proceder con carácter inmediato á abertura do Centro de Día da Rúa en réxime de xestión pública.

Santiago de Compostela, a 13 de abril de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado e Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 63941
Data envío: 13/04/2011 19:13:37.077

Alfredo Suárez Canal

Deputado do G.P. do BNG

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 13/04/2011 19:12:45

Alfredo Suárez Canal na data 13/04/2011 19:12:49

María Tereixa Paz Franco na data 13/04/2011 19:12:52

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Pedro Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Ignacio López-Chaves Castro, María Soledad Piñeiro Martínez e Marta Valcárcel Gómez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos.

Desde o PP de Galicia entendemos que a educación é o mellor investimento de futuro e a clave para acadar un modelo social máis xusto que posibilite unha maior calidade de vida e unha base produtiva máis competitiva.

Desde a Xunta de Galicia lévanse implementando ao longo desta lexislatura unha serie de medidas e reformas orientadas a mellorar a calidade integral do sistema educativo, tales como a decidida aposta pola inserción das TIC no ensino, o fomento do plurilingüismo ou a aposta polo reforzamento do protagonismo do profesorado ou dunha maior participación das familias.

Nesta liña de modernización somos conscientes de que é preciso seguir a introducir e impulsar novos proxectos orientados a estimular accións que xeren unha maior cultura do esforzo e da excelencia, a incrementar a autonomía organizativa dos centros e a lograr unha maior implicación do profesorado no obxectivo compartido de lograr un maior éxito escolar.

Nesta liña desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vense de anunciar a posta en marcha de xeito pioneiro en Galicia dos Contrato-Programa (CP) para os centros de ensino non universitarios, seguindo a estela doutras CCAA e mesmo das universidades galegas onde neste momento están en elaboración.

Os CP están chamados a converterse nunha estratexia fundamental para o estímulo dunha maior cultura do esforzo e de mellora dos resultados, que xunto a unha maior autonomía dos centros, deben acompañar ás medidas xa implementarias no proceso de mellora integral do sistema educativo. A súa posta en funcionamento posibilitará que quen máis se esforza, tanto por parte do alumnado como do profesorado, vexa recoñecida e incentivada a súa actividade, a fin de mellorar o conxunto do sistema educativo.

Por estes motivos:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar CP plurianuais coa finalidade de acadar un maior éxito e calidade educativa, partindo de criterios como:

- Desenvolvemento de programas favorecedores dunha autonomía responsable dos centros educativos na xestión organizativa e pedagóxica.
- Deseño de modelos de avaliación nos que primen criterios de mellora de resultados.
- Impulso dunha maior participación, implicación e corresponsabilidade das familias no desenvolvemento do proceso educativo.
- Deseño de programas orientados a potenciar a aprendizaxe dos alumnos de maior rendemento e motivación escolar.
- Elaboración de plans de integración de colectivos específicos con dificultade de aprendizaxe.
- Cooperación efectiva dos centros educativos cos concellos e outras institucións do seu entorno.”

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/04/2011 10:45:28

Román Rodríguez González na data 14/04/2011 10:45:35

Pedro Manuel Arias Vieira na data 14/04/2011 10:45:38

Natalia Barros Sánchez na data 14/04/2011 10:45:44

Yolanda Díaz Lugilde na data 14/04/2011 10:45:48

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 14/04/2011 10:45:55

María Soledad Piñeiro Martínez na data 14/04/2011 10:46:01

Marta Valcárcel Gómez na data 14/04/2011 10:46:06

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa das deputadas e deputados, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, José Antonio García López, Yolanda Díaz Lugilde, Agustín Baamonde Díaz, Enrique Novoa López e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de Motivos

A excesiva fragmentación da propiedade forestal e o seu baixo nivel de articulación corporativa, son unha eiva para a sustentabilidade e rendibilidade do monte galego, posto que dificultan a constitución de explotacións técnica e economicamente viables, o que impide a súa rendibilidade. Isto provoca un nivel moi elevado de abandono ou de baixo coidado, así como a falta de implicación do capital privado.

Para conseguir un aproveitamento económico rendible e sostible, é fundamental dispoñer dunha superficie mínima que favoreza a implantación dun instrumento forestal axeitado e unha xestión eficiente dos diferentes usos e aproveitamentos do monte.

Por eses motivos, o actual goberno da Xunta, considerou estratéxica a definición dunha figura societaria, baseada no dereito privado, que se adapte ás necesidades do monte galego, orientada á ordenación forestal cun modelo de xestión conxunta sostible, que posibilita a posta en valor do monte, como son as Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).

O goberno da Xunta, ven de aprobar o Decreto polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro, que favorecerá a agrupación forestal e significará un pulo importante para a modernización do monte galego.

As Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), nacen como figuras societarias que favorecen a xestión conxunta e viable do monte galego por parte dos propietarios forestais, de maneiras voluntaria, con normas claras e garantía xurídica plena para todos os axentes implicados.

Segundo o citado Decreto, serán consideradas como Sociedades de Fomento Forestal, aquelas sociedades mercantís que asocian a titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, que ceden os seus dereitos á sociedade, podendo asociar tamén a outras persoas físicas ou xurídicas e que cumpran, entre outros requisitos, ter a forma xurídica de sociedade de responsabilidade limitada, de acordo co estipulado pola Lei 2/1995, de 23 de Marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e pola demais lexislación de carácter mercantil que lles resulte de aplicación.

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar unha serie de cursos de formación a distintos niveis dirixidos a, por unha banda, técnicos da Administración, e por outra, a silvicultores e outros profesionais, en xeral. Estas accións formativas deberán afondar nos seus contidos de tal xeito que os destinatarios coñezan con suficiente garantía a Lei 2/1995 de 23 de Marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e así poidan realizar unha eficaz interpretación da mesma en relación ás Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).

- 2.- Redactar, publicar e difundir un documento técnico que inclúa as consultar que se podan considerar mais frecuentes, sobre sociedades mercantís e a súa xestión, dirixido tanto a profesionais como a propietarios forestais en xeral, e un Manual sobre estas sociedades orientado a profesionais do sector. Ambos documentos deberán ser descargables, para a súa maior divulgación, desde a páxina web da Consellería do Medio Rural”.

Santiago de Compostela, 14 de Abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/04/2011 11:01:44

Maria Emma Álvarez Chao na data 14/04/2011 11:01:54

Maria Isabel García Pacín na data 14/04/2011 11:02:03

Jose Antonio García López na data 14/04/2011 11:02:12

Yolanda Díaz Lugilde na data 14/04/2011 11:02:23

Agustin Baamonde Díaz na data 14/04/2011 11:02:30

Enrique Novoa López na data 14/04/2011 11:02:40

Rosa Oubiña Solla na data 14/04/2011 11:02:48



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 7ª**, relativa á compensación das perdas ocasionadas polo incendio que se produciu en Bande o día 8 de abril.

Nos últimos días téñense producido importantes incendios na nosa nación, sendo de especial relevancia o acontecido en Bande, polas súas dimensións e en Outeiro de Rei.

Desde o primeiro momento, no caso do incendio de Bande, desde organizacións ecoloxistas e o propio alcalde manifestaron que a súa orixe podería estar vinculada á realización dunha queima controlada, tese que parece non desbotar a Consellaría do Medio Rural, que mesmo informou da existencia dunha investigación ao respecto.

Hai que destacar que o día en que se produciron estes lumes tratábase dun día, o terceiro consecutivo, no que Galiza estaba baixo unha situación meteorolóxica extrema en canto a temperaturas, especialmente na provincia de Ourense, da que se viña alertando por parte das axencias meteorolóxicas desde días antes. Porén, a pesar desta situación, coñecida e previsíbel, non se produciu ate o día de hoxe a suspensión de todas as autorizacións de queimas controladas por parte da Consellaría do Medio Rural.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que si en todos os caos é preciso aclarar as condicións e circunstancias en que se inician e propagan os lumes forestais, neste caso á vista das circunstancias que poderían ter concorrido estas aclaracións vólvense imprescindíbeis para determinar posíbeis erros ou deficiencias no funcionamento dos protocolos cos que opera a Consellaría do Medio Rural.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas para facer fronte ás perdas provocadas polo incendio forestal que tivo lugar en Bande e Vereas o pasado día 8 de abril:

1.- Avaliar a contía das perdas que se produciron no monte afectado por dito incendio tanto na produción madeireira como noutras producións, así como no seu potencial cinxético e nas súas infraestruturas.

2.- Establecer medidas da axuda, a través dunha orde ao efecto, para os que os propietarios afectados poidan facer fronte ás súas perdas e restaurar o potencial forestal.

3.- Adoptar medidas para a rexeneración da superficie afectada para evitar a súa erosión e deterioro.

4.- Establecer un plan, en colaboración coas asociacións, para a recuperación da capacidade e potencial cinxético dos montes afectados.


Santiago de Compostela, 14 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 14/04/2011 13:34:20

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/04/2011 13:34:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco** e do deputado **Fernando Blanco Alvarez** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 7ª**, relativa á compensación das perdas ocasionadas polo incendio que se produciu en Outeiro de Rei o día 8 de abril.

Nos últimos días téñense producido importantes incendios na nosa nación, sendo de especial relevancia o acontecido en Bande, polas súas dimensións e en Outeiro de Rei.

Desde o primeiro momento, no caso do incendio de Outeiro de Rei, desde diversos ámbitos manifestaron que a súa orixe podería estar vinculada á realización dunha queima controlada, tese que parece non desbotar a Consellaría do Medio Rural, que mesmo informou da existencia dunha investigación ao respecto.

Hai que destacar que o día en que se produciron estes lumes tratábase dun día, o terceiro consecutivo, no que Galiza estaba baixo unha situación meteorolóxica extrema en canto a temperaturas, da que se viña alertando por parte das axencias meteorolóxicas desde días antes. Porén, a pesar desta situación, coñecida e previsíbel, non se produciu ate o día de hoxe a suspensión de todas as autorizacións de queimas controladas por parte da Consellaría do Medio Rural.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que si en todos os caos é preciso aclarar as condicións e circunstancias en que se inician e propagan os lumes forestais, neste caso á vista das circunstancias que poderían ter concurrido estas aclaracións vólvense imprescindíbeis para determinar posíbeis erros ou deficiencias no funcionamento dos protocolos cos que opera a Consellaría do Medio Rural.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e deputado asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas para facer fronte ás perdas provocadas polo incendio forestal que tivo lugar en Outeiro de Rei o pasado día 8 de abril:

1.- Avaliar a contía das perdas que se produciron no monte afectado por dito incendio tanto na produción madeireira como noutras producións e nas súas infraestruturas.

2.- Establecer medidas da axuda, a través dunha orde ao efecto, para os que os propietarios afectados poidan facer fronte ás súas perdas e restaurar o potencial forestal.

3.- Adoptar medidas para a rexeneración da superficie afectada para evitar a súa erosión e deterioro.

Santiago de Compostela, 12 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**


Fernando Blanco Alvarez

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Tereixa Paz Franco na data 14/04/2011 16:34:08

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 14/04/2011 16:34:12

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/04/2011 16:34:19

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, **Xoaquín Fernández Leiceaga e Guillermo Meijón Couselo**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

En Santiago de Compostela existe unha situación anómala nun país moderno como o noso: tan só un dos comedores escolares é responsabilidade da Xunta de Galicia, en concreto o correspondente ao colexio público da Sionlla. O resto dos comedores escolares existentes, así como o servizo de madrugadores, son responsabilidade das asociacións de pais e nais de alumnos: son estes e non a Administración educativa responsable a que asume a xestión do servizo, coa carga de xestión que supón, e a responsabilidade económica, laboral ou de seguridade que comporta.

Esta situación está a levar a unha situación de tensión en moitos centros. En concreto, no colexio Pío XII a directiva existente dimitiu por negarse a manter a xestión do servizo do comedor para o próximo curso, sendo a opinión maioritaria de pais e nais contraria a esta decisión. Polo contrario, no colexio Raiña Fabiola a asemblea da ANPA acordou por unanimidade trasladar a xestión do comedor á consellería de Educación.

Sabemos das dificultades financeiras que están soportando o conxunto das administracións públicas. Pero non debemos facer que estas socaven a calidade dos servizos públicos esenciais, nin que se manteñan diferenzas inxustificadas entre uns centros e outros. A Xunta de Galicia ten que por en marcha fórmulas de xestión e financiamento que permitan, na actual situación de axuste de ingresos nas finanzas públicas, soportar o servizo de comedores: hoxe xa o están a facer as familias, organizadas en ANPAS, en moitos centros, e polo tanto é posible. Trátase de dotar da estabilidade e a garantía da Administración educativa a un servizo básico para moitas familias.



 Grupo Parlamentario

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a pór en marcha de xeito progresivo novos comedores escolares en Santiago de Compostela, de xeito que se dea cobertura á demanda existente. En concreto, para o curso 2011-2012, atendendo aos colexios Raíña Fabiola e Pío XII.

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Guillermo Meijón Couselo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/04/2011 18:41:12

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 14/04/2011 18:41:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/04/2011 18:41:18



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:27
Nº Rexistro: 64008
Data envío: 15/04/2011 12:27:57.931

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria está a reducir de forma considerábel os dereitos de formación do profesorado galego. Se cadra cómpre lembrar que a formación do profesorado é un aspecto básico da calidade educativa. De feito, a propia Lei Orgánica de Educación destaca a súa importancia adicándolle o capítulo III que define a formación inicial, a formación permanente e a formación permanente do profesorado de centros públicos. Asemade recoñece como parte da función docente a exixencia de formación e a necesidade de actualización, innovación e investigación. A formación permanente queda plasmada en dita lei como “un dereito e unha obrigaón de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións educativas e dos propios centros”.

En Galiza o modelo de formación do profesorado acaba de sufrir un novo e forte recorte. A Consellaría de Educación elimina, sen ter o consenso na Mesa Sectorial, as catro modalidades de duración anual e reduce as cuadrimestrais a trimestrais das lizenzas por estudos. Dun só plumazo son liquidadas 58 prazas para realizar Teses de doutoramento, licenciaturas e diplomaturas. Asemade, todas as lizenzas cuadrimestrais redúcense a trimestrais ou bimensuais, das modalidades de formación



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:27
Nº Rexistro: 64008
Data envío: 15/04/2011 12:27:57.931

en linguas estranxeiras exclúense todos e todas os/as especialistas en linguas (galego, castelán, inglés, francés, portugués, alemán,...) e tamén todo o profesorado que non teña o nivel B1. Asemade o profesorado que imparte Educación Infantil, Formación Profesional, Bacharelato ou ensinanzas especiais superiores e de idiomas queda excluído das modalidades de elaboración de materiais dixitais dirixidas exclusivamente a materiais para terceiro ciclo de Primaria e primeiro da ESO. Tampouco se recollen licenzas para a realización de proxectos para a galeguización dos currículos, nin para a elaboración de materiais en galego para FP ou as ensinanzas artísticas, unha necesidade que non se pode negar desde a propia Administración.

Tamén debemos destacar como esta nova convocatoria favorece a discrecionalidade na concesión das licenzas, pois o peso da valoración do proxecto pasa a ser do 50% e noutras o 100%, cando até agora era do 30%. Redúcese así o peso da puntuación obxectiva e vai ser a decisión tomada pola comisión integrada pola propia Consellaría.

Asistimos realmente a unha redución superior ao 27% respecto aos anos anteriores. Elimínase a investigación e a innovación ligada aos currículos educativos, ao eliminar todas as licenzas destinadas á elaboración de teses -considérese que até agora valorábase nelas *“a súa relación co currículo das áreas ou materias de todas as etapas educativas e o interese que ofrezca para mellorar a calidade do ensino”*-, imposibilitando que o profesorado non universitario faga investigación, e suprime todas as relacionadas coa obtención dunha primeira ou segunda titulación. Impídelle ao profesorado que non ten a titulación requirida para o seu posto, por mor dos cambios lexislativos que agora esixen unha nova titulación, que acceda a unha licenza para obter unha diplomatura ou licenciatura para estabilizarse no seu posto de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/04/2011 12:27

Nº Rexistro: 64008

Data envío: 15/04/2011 12:27:57.931

traballo.

Ante este ataque aos dereitos do profesorado en materia de formación, presentase a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á restitución inmediata das lizezas por estudos para o profesorado galego. Xa que son un dereito do profesorado no camiño de mellorar a súa formación a nivel académico".

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 12:26:54

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/04/2011 12:26:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:50
Nº Rexistro: 64017
Data envío: 15/04/2011 12:50:21.812

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo e María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa ás actuacións que debe levar a adiante a Xunta de Galiza para asumir a xestión directa do servizo de comedor escolar nos centros educativos de Santiago de Compostela.

Os servizos complementares nos centros educativos xogan un papel moi importante á hora de favorecer a conciliación da vida persoal e laboral. As xornadas laborais na Galiza caracterízanse por horarios que, na maior parte dos casos, non son coincidentes cos horarios escolares. Esta circunstancia motiva que a demanda de servizos complementares sexa moi importante, condicionando ás nais e pais á hora de decidir onde escolarizar aos seus fillos e fillas. Para dar resposta a estas demandas, ante o insuficiente compromiso da administración educativa neste terreo, naqueles centros onde non é obrigatorio o servizo de comedor, son as propias Asociacións de Nais e Pais, quen veñen autoorganizándose para poder contar con estes servizos –ou outros como os programas de madrugadores, actividades extraescolares...-. Porén, estas solucións, poñen de manifesto as carencias do propio sistema educativo e a necesidade dunha adaptación da oferta de servizos complementares no ámbito do ensino público ás demandas que hoxe teñen as familias galegas.

Un exemplo paradigmático desta situación é a cidade de Santiago de Compostela. Todos os centros públicos da cidade -agás o da Sionlla- que contan cun servizo de comedor é polo esforzo das Anpas. Mais neste momento, conscientes de que este



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:50
Nº Rexistro: 64017
Data envío: 15/04/2011 12:50:21.812

modelo non garante os servizos, pois depende da vontade das directivas, apostan porque sexa a Xunta de Galiza quen asuma a xestión destes servizos. Indican, nun comunicado feito público pola Federación de Anpas de colexios públicos de Santiago, que “non piden a gratuidade dos comedores escolares, declaramos que non é a nosa competencia xestionalos”.

O Decreto que regula o funcionamento dos comedores escolares, sinala no seu artigo segundo que o servizo de comedor prestarase con carácter xeral, por xestión directa polo propio centro ou mediante a elaboración de comidas centralizadas en cocinas propias con persoal da Administración. Cando isto non sexa aconsellábel, ou esta xustificado, pódese contratar con algunha empresa do sector hostaleiro. Esta norma establece con carácter excepcional, que sexan outras administracións ou as Anpas as prestadoras deste servizo en colaboración coa Xunta de Galiza.

Desde o G. P. do BNG consideramos que a prestación de servizo de comedor é hoxe unha demanda do conxunto da sociedade, á que a administración educativa debe dar resposta. É un elemento clave para a consolidación do ensino público e para facilitar a necesaria conciliación da vida laboral e familiar. Cremos que a prestación deste servizo non poden depender do voluntarismo de nais e pais e require dun compromiso maior da Xunta de Galiza.

Polo dito, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar as accións oportunas para asumir a xestión dos comedores escolares dos centros públicos de Santiago de Compostela



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:50
Nº Rexistro: 64017
Data envío: 15/04/2011 12:50:21.812

antes do inicio do curso 2011- 2012, garantindo, como mínimo, o mantemento das prazas que existen na actualidade.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.


María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/04/2011 12:39:03

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 12:39:08

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Beatriz Seatayo Doce**, **Carmen Acuña do Campo** e dos seus deputados **Modesto Pose Mesura** e **José Tomé Roca**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Exposición de motivos

O deterioro da sanidade pública dende a chegada de Núñez Feijoo ao Goberno de Galicia vén sendo continua e permanente. A privatización dos centros de saúde, o recorte orzamentario, a desaparición de servizos básicos e de programas postos en marcha polo Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño son só algún dos exemplos entre moitos que se poderían citar.

O dereito à saúde, un dos dereitos vulnerados polo Goberno da dereita, non pode ser mermado, deteriorado nin mercalizado. A garantía dun servizo público de calidade debe ser un dos principios irrenunciáveis dunha sociedade democrática, un dereito que se ve mermado nos lugares onde a dereita goberna.

A falla de personal facultativo é un dos graves problemas que atopan os centros de saúde dos municipios galegos, colapsando a atención médica e pediátrica en moitos lugares.

En concreto e polo que respecta ao concello de Ares, a falla de persoal médico é un dato evidente. O persoal médico de Ares vén atendendo a un número de pacientes que duplican a ratio do aconsellado polo Sergas, uns datos que se multiplican ata o extremo en verán, xa que a poboación de Ares chega a cuatuplicarse.

No caso do servizo de pediatría os datos son igualmente escandalosos. A poboación infantil que atende a pediatra asignada a Ares é o dobre da que



Grupo Parlamentario

tiña que ter por cupo, dándose o caso de que ademáis a pediatra está a media xornada tendo que compartir a atención a Ares e a Mugardos.

Resulta evidente e palmaria a necesidade de dotar ao centro de saúde de Ares de máis persoal, sinaladamente dunha praza máis de médico e outro de pediatría, unhas previsións que xa tiña contempladas o bipartito.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dotar de forma inminente ao Concello de Ares dunha praza médica de atención primaria e dunha praza de pediatría en exclusiva e a tempo completo no seu centro de saúde”

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2011

Asdo.: Beatriz Seatayo Doce
Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
José Tomé Roca
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


Beatriz Sestayo Doce na data 18/04/2011 11:55:06

María del Carmen Acuña do Campo na data 18/04/2011 11:55:12

Modesto Pose Mesura na data 18/04/2011 11:55:17


José Tomé Roca na data 18/04/2011 11:55:27



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/04/2011 11:55:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro dos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia**, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación orquestra, dada a súa alarma social.

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 20/04/2011 9:28:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/04/2011 9:29:03

María José Caride Estévez na data 20/04/2011 9:29:06

Jose Luis Méndez Romeu na data 20/04/2011 9:29:11

María Concepción Burgo López na data 20/04/2011 9:29:17

Beatriz Sestayo Doce na data 20/04/2011 9:29:24

Carmen Gallego Calvar na data 20/04/2011 9:32:14

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/04/2011 9:32:19


Ricardo Varela Sánchez na data 20/04/2011 9:32:26

Francisco Xulio Cerviño González na data 20/04/2011 9:32:30

María del Mar Barcón Sánchez na data 20/04/2011 9:32:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/04/2011 9:33:40



 Grupo Parlamentario

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/04/2011 9:33:49

María del Carmen Cajide Hervés na data 20/04/2011 9:33:54

José Manuel Gallego Lomba na data 20/04/2011 9:34:00

José Manuel Lage Tuñas na data 20/04/2011 9:34:05

Silvia Belen Fraga Santos na data 20/04/2011 9:34:13

Pablo Xabier López Vidal na data 20/04/2011 9:34:18

María Remedios Quintas Alvarez na data 20/04/2011 9:34:22

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 20/04/2011 9:34:26

María Soledad Soneira Tajés na data 20/04/2011 9:34:31

Modesto Pose Mesura na data 20/04/2011 9:34:35

Ismael Rego González na data 20/04/2011 9:34:37

Sonia Verdes Gil na data 20/04/2011 9:34:39

José Tomé Roca na data 20/04/2011 9:34:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro dos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno do Excmo. Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación orquestra, dada a súa alarma social.

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 20/04/2011 9:40:54

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/04/2011 9:40:58

María José Caride Estévez na data 20/04/2011 9:41:04

Jose Luis Méndez Romeu na data 20/04/2011 9:41:08

María Concepción Burgo López na data 20/04/2011 9:41:18

Beatriz Sestayo Doce na data 20/04/2011 9:41:21

Carmen Gallego Calvar na data 20/04/2011 9:41:27

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/04/2011 9:41:33


Ricardo Varela Sánchez na data 20/04/2011 9:41:37

Francisco Xulio Cerviño González na data 20/04/2011 9:41:40

María del Mar Barcón Sánchez na data 20/04/2011 9:41:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/04/2011 9:41:56



 Grupo Parlamentario

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/04/2011 9:42:04

María del Carmen Cajide Hervés na data 20/04/2011 9:42:08

José Manuel Gallego Lomba na data 20/04/2011 9:42:12

José Manuel Lage Tuñas na data 20/04/2011 9:42:16

Silvia Belen Fraga Santos na data 20/04/2011 9:42:20

Pablo Xabier López Vidal na data 20/04/2011 9:42:23

María Remedios Quintas Alvarez na data 20/04/2011 9:42:27

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 20/04/2011 9:42:32

María Soledad Soneira Tajés na data 20/04/2011 9:42:36

Modesto Pose Mesura na data 20/04/2011 9:42:38

Ismael Rego González na data 20/04/2011 9:42:40

Sonia Verdes Gil na data 20/04/2011 9:42:44

José Tomé Roca na data 20/04/2011 9:42:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro dos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno do Excma. Sra. conselleira de Traballo e Benestar**, para dar conta da presunta vinculación da Administración autonómica na trama da operación orquestra, dada a súa alarma social.

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 20/04/2011 9:36:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/04/2011 9:36:42

María José Caride Estévez na data 20/04/2011 9:36:51

Jose Luis Méndez Romeu na data 20/04/2011 9:37:21

María Concepción Burgo López na data 20/04/2011 9:37:57

Beatriz Sestayo Doce na data 20/04/2011 9:38:01

Carmen Gallego Calvar na data 20/04/2011 9:38:06

Ricardo Varela Sánchez na data 20/04/2011 9:38:11


Francisco Xulio Cerviño González na data 20/04/2011 9:38:15

María del Mar Barcón Sánchez na data 20/04/2011 9:38:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/04/2011 9:38:34

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/04/2011 9:38:42



 Grupo Parlamentario

María del Carmen Cajide Hervés na data 20/04/2011 9:38:46

José Manuel Gallego Lomba na data 20/04/2011 9:38:51

José Manuel Lage Tuñas na data 20/04/2011 9:38:55

Silvia Belen Fraga Santos na data 20/04/2011 9:39:03

Pablo Xabier López Vidal na data 20/04/2011 9:39:13

María Remedios Quintas Alvarez na data 20/04/2011 9:39:17

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 20/04/2011 9:39:21

María Soledad Soneira Tajés na data 20/04/2011 9:39:24

Modesto Pose Mesura na data 20/04/2011 9:39:28

Ismael Rego González na data 20/04/2011 9:39:30

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/04/2011 9:39:37

Sonia Verdes Gil na data 20/04/2011 9:39:39

José Tomé Roca na data 20/04/2011 9:39:42



Partido dos
Socialistas
de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante o Pleno- da conselleira de Facenda para informar sobre **“a situación da reordenación do sistema financeiro galego”**.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do artigo 144 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan se proceda á tramitación da **comparecencia en Pleno do Excmo. Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, para explicar os procedementos seguidos para outorgar ás empresas as campañas publicitarias da súa Consellería.

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 20/04/2011 10:34:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/04/2011 10:34:47

María José Caride Estévez na data 20/04/2011 10:34:50

Jose Luis Méndez Romeu na data 20/04/2011 10:34:55

María Concepción Burgo López na data 20/04/2011 10:34:59

Beatriz Sestayo Doce na data 20/04/2011 10:35:02

Carmen Gallego Calvar na data 20/04/2011 10:35:05

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/04/2011 10:35:09


Ricardo Varela Sánchez na data 20/04/2011 10:35:15

Francisco Xulio Cerviño González na data 20/04/2011 10:35:18

María del Mar Barcón Sánchez na data 20/04/2011 10:35:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/04/2011 10:35:31



 Grupo Parlamentario

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/04/2011 10:35:36

María del Carmen Cajide Hervés na data 20/04/2011 10:35:41

José Manuel Gallego Lomba na data 20/04/2011 10:35:45

José Manuel Lage Tuñas na data 20/04/2011 10:35:50

Silvia Belen Fraga Santos na data 20/04/2011 10:35:55

Pablo Xabier López Vidal na data 20/04/2011 10:35:59

María Remedios Quintas Alvarez na data 20/04/2011 10:36:02

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 20/04/2011 10:36:06

María Soledad Soneira Tajés na data 20/04/2011 10:36:09

Modesto Pose Mesura na data 20/04/2011 10:36:11

Ismael Rego González na data 20/04/2011 10:36:13

Sonia Verdes Gil na data 20/04/2011 10:36:15

José Tomé Roca na data 20/04/2011 10:36:17



Partido dos
Socialistas
de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, solicítase a comparecencia ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para informar sobre **“a situación actual do proceso de desenvolvemento dos obxectos da autorización temporal de carácter experimental para o cultivo de salmón no polígono Muros C e as previsións ao respecto.”**

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

As deputados e o deputado abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do artigo 144 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan se proceda á tramitación da **comparecencia en Comisión 2.ª do presidente de Augas de Galicia**, para explicar os procedementos seguidos para outorgar ás empresas as campañas publicitarias deste organismo autónomo..

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvarr
Mar Barcón Sánchez
Pablo Xabier López Vidal
María Quintas Álvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 20/04/2011 10:45:07

María del Mar Barcón Sánchez na data 20/04/2011 10:45:15

Pablo Xabier López Vidal na data 20/04/2011 10:45:21

María Remedios Quintas Alvarez na data 20/04/2011 10:45:28



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ás modificacións introducidas na orde que regula a convocatoria do contrato de explotación sustentábel (CES) para o ano 2011.

O pasado día 28 de marzo publicouse no DOG unha corrección de erros da orde que regula as axudas relativas ao contrato de explotación sustentábel para o ano 2001, que entre outros aspectos se modifica para impedir as solicitudes polas que se amplían os compromisos xa recoñecidos.

Hai que salientar que a orde orixinal establecía que durante os cinco anos de duración dos compromisos da concesión do CES, podería solicitarse a modificación e/ou ampliación dos compromisos iniciais, mentres que logo de dita corrección establécese que a modificación só poderá solicitarse sen ampliación de compromisos.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta modificación, unida a outras que se producen, supón un auténtico cambio das regras e do propio contido e finalidades do CES que non teñen máis xustificación que o intento do goberno de desvirtuar a concreción dos seus obxectivos.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Interpelación:

1ª) Cal é o motivo para que se demorara 2 meses e medio a publicación dunha corrección de erros da Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2ª) Por que, malia existir esa corrección de erros, na información transmitida polos órganos xestores desas axudas ás Oficinas Agrarias Comarcais, entidades financeiras colaboradoras, entidades de aconsellamento colaboradoras e cooperativas non se avisaba da imposibilidade de subscribir ampliación de compromisos?

3ª) A que se debe que a Consellaría rectifique agora cando apenas hai unhas semanas, logo de denuncias do sector, o Conselleiro do Medio Rural se comprometera a non reducir as axudas do contrato de explotación sustentábel?

4ª) Non é incoherente retirar as axudas a ampliar os compromisos do CES coa intención de incentivar a rebaixa dos custes das explotacións gandeiras en Galiza?

5ª) Como se explica que, perante a baixada de rendas que perciben polos ingresos os labregos en Galiza e o incremento dos custes derivado da alza dos insumos, o Goberno galego estea a retirar axudas que incentivan un maior aproveitamento dos recursos endóxeos das explotacións?

6ª) Significa un avance da política da actual Consellaría de Medio Rural cara retirar as axudas ao contrato de explotación sustentábel?

Santiago de Compostela, 14 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Tereixa Paz Franco na data 14/04/2011 18:27:09



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:30
Nº Rexistro: 63932
Data envío: 13/04/2011 17:30:47.305

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á colaboración da Consellaría de Cultura na organización do I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro.

O pasado 11 de Abril, a Agadic e a Deputación de Pontevedra presentaban en Madrid a organización do I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro. Segundo a información difundida nos medios, o director deste Festival é Sancho Gracia, codirixe Celestino Aranda e a dirección de escena correspóndelle a Miguel Narros. Este elenco indica con claridade que non se tivo en conta o sector escénico galego á hora de deseñar esta actividade.

Segundo recollen as crónicas, na presentación deste evento, o vicepresidente da Deputación de Pontevedra, José Juan Durán, sinalou que o festival "vai marcar un antes e un despois na programación cultural de Galicia", e asegurou que se trataba dun proxecto "que tiña entre cella e cella" Sancho Gracia, que ao seu xuízo, "sente como poucos a Galicia". Máis sinceras ou realistas son as declaracións do director da Agadic, que sinalou que o nacemento do festival representa "unha boa noticia para a sociedade galega", e sinalou que nel se darán cita "as propostas máis suxestivas da escena actual, levando a Galicia a oferta que triunfou en todo o mundo". Recoñece o director da Agadic á exclusión das artes escénicas galegas.

É evidente que este festival -polos datos difundidos- organizase á marxe das ofertas e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:30
Nº Rexistro: 63932
Data envío: 13/04/2011 17:30:47.305

creadores da escena galega actual. Trátase dunha iniciativa, subvencionada con fondos públicos, que ignora ás artes escénicas galegas, aos nosos creadores e creadoras, potenciando e privilexiando as creacións que se fan noutras latitudes. A nosa crítica non se basea nunha negativa a que na Galiza teñan presenza as creacións foráneas. Non é ese o problema. A cuestión é que os fondos (escasos) cos que conta a Xunta de Galiza, deben ter como elemento central o apoio ás nosas manifestacións culturais. Un proceder que é normal en calquera país do mundo, mais que tamén está recollido na nosa lexislación, singularmente no noso Estatuto de Autonomía. Mais o que é normal en calquera parte do mundo, convértese en insólito no noso país.

É grave, que nun momento de crise, que dificulta a situación das nosas artes escénicas, o Goberno aplique recortes na Galiza, agravando a situación de partida. Pola contra, estes recortes parecen non operar cando se trata de subvencionar proxectos como este ao que nos referimos. Fica claro que a Xunta de Galiza non só non aposta pola nosa cultura, senón que ten un proxecto claro de desmantelamento e afogamento da mesma.

Polo dito, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Considera o Conselleiro de Cultura e Turismo que con esta política a Xunta de Galiza cumpre coa súa obriga de apoiar a cultura galega?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela


Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:30
Nº Rexistro: 63932
Data envío: 13/04/2011 17:30:47.305

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/04/2011 17:29:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 63943
Data envío: 13/04/2011 19:14:41.263

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, Alfredo Suárez Canal e Tereixa Paz Franco, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta en **Pleno**, relativa ás previsións de abertura do Centro de Día da Rúa.

O Centro de Día da Rúa cóntase entre os 20 Centros de Día construídos e promovidos polo goberno anterior que a Xunta do PP mantén pechados. Finalizado en 2009 a abertura deste Centro de Día acumula xa unha demora de case dous anos, malia estar completamente equipado e existir unha elevada demanda na Rúa e a súa comarca.

Así as cousas, formúlase a seguinte cuestión:

Cando vai abrir o Centro de Día da Rúa?


Santiago de Compostela, a 13 de abril de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Alfredo Suárez Canal

Tereixa Paz Franco

Deputados e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 63943
Data envío: 13/04/2011 19:14:41.263

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 13/04/2011 19:07:08

Alfredo Suárez Canal na data 13/04/2011 19:07:11

María Tereixa Paz Franco na data 13/04/2011 19:07:14

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal e Abel Losada Alvarez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dous fitos transcendentales para o noso país veñen de acontecer en datas recentes: a autorización do proceso de licitación dos tramos que están pendentes da liña de alta velocidade a Galicia e sinatura do protocolo para a integración ferroviaria en Ourense.

O Consello de Ministros do 8 de abril do ano en curso, autorizou as actuacións precisas para impulsar a chegada da alta velocidade a Galicia no horizonte do ano 2015. Así se procederá a licitar o contrato de colaboración público - privada para a redacción dos proxectos e a execución das obras entre Olmedo, Zamora e Ourense, así como tamén o mantemento do tramo Olmedo – Ourense - Santiago de Compostela.

Este contrato que abrangue uns 417 quilómetros de trazado, contempla o mantemento das infraestruturas e a financiamento de parte dos investimentos. As obras da plataforma no AVE a Meseta se licitarán polo procedemento de concurso público convencional.

Diante desta macrolicitación que se pon en marcha por un Goberno Socialista para que Galicia poida contar cun tren de alta velocidade de primeira categoría diferente do herdado, a Xunta de Galicia, logo da xuntanza mantida en Fomento o martes 12 de abril, trouxo como conclusión máis importante a necesidade de proceder a contratar un *“equipo de técnicos especialistas na materia para valorar o posible cumprimento”*.


Logo desta achega fundamental realizada polo Goberno do Sr. Feijóo ao contrato máis importante para a nosa autonomía, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que nivel de recursos públicos de tódolos galegos e galegas, dedicará a Xunta de Galicia co obxecto de controlar o proceso de licitación que vai poñer en marcha a Administración Xeral do Estado para as obras da chegada da alta velocidade a Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Abel Losada Alvarez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

.....
Pablo Xabier López Vidal na data 14/04/2011 9:57:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/04/2011 9:57:54



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:51
Nº Rexistro: 64021
Data envío: 15/04/2011 12:51:31.935

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións que ten previsto levar a diante a Xunta de Galiza para asumir a xestión directa do servizo de comedor escolar nos centros educativos de Santiago de Compostela.

Os servizos complementares nos centros educativos xogan un papel moi importante á hora de favorecer a conciliación da vida persoal e laboral. As xornadas laborais na Galiza caracterízanse por horarios que, na maior parte dos casos, non son coincidentes cos horarios escolares. Esta circunstancia motiva que a demanda de servizos complementares sexa moi importante, condicionando ás nais e pais á hora de decidir onde escolarizar aos seus fillos e fillas. Para dar resposta a estas demandas, ante o insuficiente compromiso da administración educativa neste terreo, naqueles centros onde non é obrigatorio o servizo de comedor, son as propias Asociacións de Nais e Pais, quen veñen autoorganizándose para poder contar con estes servizos –ou outros como os programas de madrugadores, actividades extraescolares...-. Porén, estas solucións, poñen de manifesto as carencias do propio sistema educativo e a necesidade dunha adaptación da oferta de servizos complementares no ámbito do ensino público ás demandas que hoxe teñen as familias galegas.

Un exemplo paradigmático desta situación é a cidade de Santiago de Compostela. Todos os centros públicos da cidade que contan cun servizo de comedor é polo esforzo das Anpas. Mais neste momento, conscientes de que este modelo non garante



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:51
Nº Rexistro: 64021
Data envío: 15/04/2011 12:51:31.935

os servizos pois depende da vontade das directivas, apostan porque sexa a Xunta de Galiza quen asuma a xestión destes servizos. Indican, nun comunicado feito público pola Federación de Anpas de colexios públicos de Santiago, que “non piden a gratuidade dos comedores escolares, declaramos que non é a nosa competencia xestionalos”.

Segundo a información que se ten feito pública hai centros nos que a Anpa non vai seguir prestando este servizo, pois entenden que esta é unha labor que lle corresponde á administración educativa. Unha situación que debería preocupar a Xunta e motivar algún tipo de actuación.

O Decreto que regula o funcionamento dos comedores escolares, sinala no seu artigo segundo que o servizo de comedor prestarase con carácter xeral, por xestión directa polo propio centro ou mediante a elaboración de comidas centralizadas en cociñas propias con persoal da Administración. Cando isto non sexa aconsellábel, ou esta xustificado, pódese contratar con algunha empresa do sector hostaleiro. Esta norma establece con carácter excepcional, que sexan outras administracións ou as Anpas as prestadoras deste servizo en colaboración coa Xunta de Galiza.

Desde o G. P. do BNG consideramos que a prestación de servizo de comedor é hoxe unha demanda do conxunto da sociedade, á que a administración educativa debe dar resposta. É un elemento clave para a consolidación do ensino público e para facilitar a necesaria conciliación da vida laboral e familiar. Cremos que a prestación deste servizo non poden depender do voluntarismo de nais e pais e require dun compromiso maior da Xunta de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:51
Nº Rexistro: 64021
Data envío: 15/04/2011 12:51:31.935

Polo dito, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza asumir a xestión dos comedores escolares dos centros públicos de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

María do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/04/2011 12:49:29

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 12:49:34



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 13:44
Nº Rexistro: 64030
Data envío: 15/04/2011 13:44:08.140

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria está a reducir de forma considerábel os dereitos de formación do profesorado galego. Se cadra cómpre lembrar que a formación do profesorado é un aspectos básico da calidade educativa. De feito, a propia Lei Orgánica de Educación destaca a súa importancia adicándolle o capítulo III que define a formación inicial, a formación permanente e a formación permanente do profesorado de centros públicos. Asemade recoñece como parte da función docente a existencia de formación e a necesidade de actualización, innovación e investigación. A formación permanente queda plasmada en dita lei como “un dereito e unha obrigaón de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións educativas e dos propios centros”.

En Galiza o modelo de formación do profesorado acaba de sufrir un novo e forte recorte. A Consellaría de Educación elimina, sen ter o consenso na Mesa Sectorial, as catro modalidades de duración anual e reduce as cuadrimestrais a trimestrais das lizenzas por estudos. Dun só plumazo son liquidadas 58 prazas para realizar Teses de doutoramento, licenciaturas e diplomaturas. Asemade, todas as lizenzas cuadrimestrais redúcense a trimestrais ou bimensuais, das modalidades de formación en linguas estranxeiras exclúense todos e todas os/as especialistas en linguas (galego, castelán, inglés, francés, portugués, alemán,...) e tamén todo o profesorado que non teña o nivel B1. Asemade o profesorado que imparte Educación Infantil, Formación



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 13:44
Nº Rexistro: 64030
Data envío: 15/04/2011 13:44:08.140

Profesional, Bacharelato ou ensinanzas especiais superiores e de idiomas queda excluído das modalidades de elaboración de materiais dixitais dirixidas exclusivamente a materiais para terceiro ciclo de Primaria e primeiro da ESO. Tampouco se recollen licenzas para a realización de proxectos para a galeguización dos currículos, nin para a elaboración de materiais en galego para FP ou as ensinanzas artísticas, unha necesidade que non se pode negar desde a propia Administración.

Tamén debemos destacar como esta nova convocatoria favorece a discrecionalidade na concesión das licenzas, pois o peso da valoración do proxecto pasa a ser do 50% e noutras o 100%, cando até agora era do 30%. Redúcese así o peso da puntuación obxectiva e vai ser a decisión tomada pola comisión integrada pola propia Consellaría.

Asistimos realmente a unha redución superior ao 27% respecto aos anos anteriores. Elimínase a investigación e a innovación ligada aos currículos educativos, ao eliminar todas as licenzas destinadas á elaboración de teses -considérese que até agora valorábase nelas *“a súa relación co currículo das áreas ou materias de todas as etapas educativas e o interese que ofrezca para mellorar a calidade do ensino”*-, imposibilitando que o profesorado non universitario faga investigación, e suprime todas as relacionadas coa obtención dunha primeira ou segunda titulación. Impídelle ao profesorado que non ten a titulación requirida para o seu posto, por mor dos cambios lexislativos que agora esixen unha nova titulación, que acceda a unha licenza para obter unha diplomatura ou licenciatura para estabilizarse no seu posto de traballo.

Por isto, fórmulase a seguinte pregunta:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 13:44
Nº Rexistro: 64030
Data envío: 15/04/2011 13:44:08.140

Por que motivos se priva ao profesado do seu dereito á formación a través da modalidade de licenzas por estudos?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 13:25:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:30
Nº Rexistro: 63930
Data envío: 13/04/2011 17:30:12.290

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á colaboración da Consellaría de Cultura na organización do I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro.

O pasado 11 de Abril, a Agadic e a Deputación de Pontevedra presentaban en Madrid a organización do I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro. Segundo a información difundida nos medios, o director deste Festival é Sancho Gracia, codirixe Celestino Aranda e a dirección de escena correspóndelle a Miguel Narros. Este elenco indica con claridade que non se tivo en conta o sector escénico galego á hora de deseñar esta actividade.

Segundo recollen as crónicas, na presentación deste evento, o vicepresidente da Deputación de Pontevedra, José Juan Durán, sinalou que o festival "vai marcar un antes e un despois na programación cultural de Galicia", e asegurou que se trataba dun proxecto "que tiña entre cella e cella" Sancho Gracia, que ao seu xuízo, "sente como poucos a Galicia". Máis sinceras ou realistas son as declaracións do director da Agadic, que sinalou que o nacemento do festival representa "unha boa noticia para a sociedade galega", e sinalou que nel se darán cita "as propostas máis suxestivas da escena actual, levando a Galicia a oferta que triunfou en todo o mundo". Recoñece o director da Agadic á exclusión das artes escénicas galegas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:30
Nº Rexistro: 63930
Data envío: 13/04/2011 17:30:12.290

É evidente que este festival -polos datos difundidos- organizase á marxe das ofertas e creadores da escena galega actual. Trátase dunha iniciativa, subvencionada con fondos públicos, que ignora ás artes escénicas galegas, aos nosos creadores e creadoras, potenciando e privilexiando as creacións que se fan noutras latitudes. A nosa crítica non se basea nunha negativa a que na Galiza teñan presenza as creacións foráneas. Non é ese o problema. A cuestión é que os fondos (escasos) cos que conta a Xunta de Galiza, deben ter como elemento central o apoio ás nosas manifestacións culturais. Un proceder que é normal en calquera país do mundo, mais que tamén está recollido na nosa lexislación, singularmente no noso Estatuto de Autonomía. Mais o que é normal en calquera parte do mundo, convértese en insólito no noso país.

É grave, que nun momento de crise, que dificulta a situación das nosas artes escénicas, o Goberno aplique recortes na Galiza, agravando a situación de partida. Pola contra, estes recortes parecen non operar cando se trata de subvencionar proxectos como este ao que nos referimos. Fica claro que a Xunta de Galiza non só non aposta pola nosa cultura, senón que ten un proxecto claro de desmantelamento e afogamento da mesma.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.^a) Considera o Conselleiro de Cultura e Turismo que con esta política a Xunta de Galiza cumpre coa súa obriga de apoiar a cultura galega?
- 2.^a) Cal vai ser a aportación económica da Xunta de Galiza á organización deste Festival?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2011 17:30
Nº Rexistro: 63930
Data envío: 13/04/2011 17:30:12.290

3.^a) Que criterios sigue a Xunta de Galiza á hora de apoiar este tipo de iniciativas?


Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/04/2011 17:25:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 63945
Data envío: 13/04/2011 19:15:23.497

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, Alfredo Suárez Canal e Tereixa Paz Franco, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta en **Comisión**, relativa ás previsións de abertura do Centro de Día da Rúa.

O Centro de Día da Rúa cóntase entre os 20 Centros de Día construídos e promovidos polo goberno anterior que a Xunta do PP mantén pechados. Finalizado en 2009 a abertura deste Centro de Día acumula xa unha demora de case dous anos, malia estar completamente equipado e existir unha elevada demanda na Rúa e a súa comarca.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:

Cando vai abrir o Centro de Día da Rúa? Cal vai ser o seu modelo de xestión? A que razóns obedece a demora, de case dous anos, na súa abertura?


Santiago de Compostela, a 13 de abril de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Alfredo Suárez Canal

Tereixa Paz Franco

Deputados e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 63945
Data envío: 13/04/2011 19:15:23.497

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 13/04/2011 19:05:22

Alfredo Suárez Canal na data 13/04/2011 19:05:26

María Tereixa Paz Franco na data 13/04/2011 19:05:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 10:28
Nº Rexistro: 63954
Data envío: 14/04/2011 10:28:43.324

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Anxo Manuel Quintana González, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao uso da lingua galega nas emisoras televisivas de TDT con concesión outorgadas pola Xunta de Galiza.

“V Televisión” e “Popular TV” son dúas emisoras televisivas adxudicatarias das licenzas de TDT outorgadas pola Xunta de Galiza.

Os compromisos adquiridos por estas empresas no proceso de adxudicación incluían, no caso de “V Televisión” un investimento de 97 millóns de euros e a creación de 148 postos de traballo. No caso de “Popular TV” implicaba un investimento de 2’3 millóns de euros e a xeración de 40 postos de traballo.

Aliás, as condicións de concesión das licenzas determinan a existencia, como mínimo, dun 60% de produción propia na correspondente programación, da que, como mínimo o 50%, terá que se emitir en lingua galega.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cales son os datos concretos de cumprimento das condicións estipuladas nas correspondentes concesións de TDT por parte de “V Televisión” e “Popular TV”?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 10:28
Nº Rexistro: 63954
Data envío: 14/04/2011 10:28:43.324

2.^a) En concreto, cal é a porcentaxe de uso da lingua galega en cada caso, e en que programas?

3.^a) Que medidas se adoptarán no caso de comprobar o incumprimento das condicións establecidas para a concesión das licenzas?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Anxo Manuel Quintana González

Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 14/04/2011 10:14:10

Anxo Manuel Quintana González na data 14/04/2011 10:14:22



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, Alfredo Suárez Canal e Isabel Sánchez Montenegro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás actuacións previstas para evitar a repetición de vertidos de augas residuais no lugar de San Lourenzo en Trives.

No lugar de San Lourenzo, no concello de Trives, véñense producindo periodicamente, sobre todo durante o inverno ou en períodos de elevada pluviometría, vertidos de augas residuais.

Estes vertidos proceden dunha fosa séptica que dá servizo a dito núcleo de poboación. Esta situación, da que o concello é plenamente coñecedor, ten sido denunciada por diversas entidades sociais, sendo mesmo presentada unha reclamación por parte dunha organización ecoloxista ante o Valedor do Pobo o cal ten iniciado un expediente en relación con este asunto.

Até o día de hoxe, e incluso a pesar dos requirimentos do Valedor non se ten explicitado que actuacións está previstas para corrixir as condicións que veñen orixinando estes vertidos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sen menoscabo das competencias e responsabilidades municipais neste ámbito, consideramos que a Xunta de Galiza non pode ficar allea a esta situación que ademais de producir episodios de contaminación podería supor nalgúns momentos problemas de salubridade para os e as veciñas improprios do século XXI.

Por iso cremos que o Goberno galego debe establecer, no ámbito das súas competencias, medidas para contribuír, en colaboración coa administración municipal a corrixir as deficiencias que orixinan os vertidos alén de velar, como resulta obvio, polo cumprimento da legalidade nesta materia.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e do deputado asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante a Comisión:

1ª) Coñece o seu departamento a situación que, en relacións aos vertidos de augas residuais, se está a producir en San Lourenzo no concello de Trives?

2ª) Ten realizado algunha avaliación acerca das causas e posíbeis deficiencias que motivan eses vertidos?

3ª) Realizouse algunha avaliación para determinar, no seu caso, que actuacións sería preciso acometer para corrixir esas deficiencias?

4ª) De ser así, está previsto establecer algún marco de colaboración co concello de Trives para executar as actuacións necesarias?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5ª) Tense dirixido o concello de Trives ao seu departamento na procura de colaboración na solución deste problema?

6ª) Realizou o seu departamento algunha actuación tendente a determinar a existencia dalgunha infracción da normativa vixente neste caso?

Santiago de Compostela, 14 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Isabel Sánchez Montenegro

Alfredo Suárez Canal

Deputadas e Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 14/04/2011 17:57:19

Alfredo Suárez Canal na data 14/04/2011 17:57:24

Isabel Sánchez Montenegro na data 14/04/2011 17:57:29



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, relativa ás modificacións introducidas na orde que regula a convocatoria do contrato de explotación sustentábel (CES) para o ano 2011.

O pasado día 28 de marzo publicouse no DOG unha corrección de erros da orde que regula as axudas relativas ao contrato de explotación sustentábel para o ano 2001, que entre outros aspectos se modifica para impedir as solicitudes polas que se amplían os compromisos xa recoñecidos.

Hai que salientar que a orde orixinal establecía que durante os cinco anos de duración dos compromisos da concesión do CES, podería solicitarse a modificación e/ou ampliación dos compromisos iniciais, mentres que logo de dita corrección establécese que a modificación só poderá solicitarse sen ampliación de compromisos.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta modificación, unida a outras que se producen, supón un auténtico cambio das regras e do propio contido e finalidades do CES que non teñen máis xustificación que o intento do goberno de desvirtuar a concreción dos seus obxectivos.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Cal é o motivo para que se demorara 2 meses e medio a publicación dunha corrección de erros da Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011?

2ª) Por que, malia existir esa corrección de erros, na información transmitida polos órganos xestores desas axudas ás Oficinas Agrarias Comarcais, entidades financeiras colaboradoras, entidades de aconsellamento colaboradoras e cooperativas non se avisaba da imposibilidade de subscribir ampliación de compromisos?

3ª) A que se debe que a Consellaría rectifique agora cando apenas hai unhas semanas, logo de denuncias do sector, o Conselleiro do Medio Rural se comprometera a non reducir as axudas do contrato de explotación sustentábel?

4ª) Non é incoherente retirar as axudas a ampliar os compromisos do CES coa intención de incentivar a rebaixa dos custes das explotacións gandeiras en Galiza?


5ª) Como se explica que, perante a baixada de rendas que perciben polos ingresos os labregos en Galiza e o incremento dos custes derivado da alza dos insumos, o Goberno galego estea a retirar axudas que incentivan un maior aproveitamento dos recursos endóxeos das explotacións?

6ª) Significa un avance da política da actual Consellaría de Medio Rural cara retirar as axudas ao contrato de explotación sustentábel?

Santiago de Compostela, 14 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 14/04/2011 18:24:00



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Guillermo Meijón Couselo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En Santiago de Compostela existe unha situación anómala nun país moderno como o noso: tan só un dos comedores escolares é responsabilidade da Xunta de Galicia, en concreto o correspondente ao colexio público da Sionlla. O resto dos comedores escolares existentes, así como o servizo de madrugadores, son responsabilidade das asociacións de pais e nais de alumnos: son estes e non a Administración educativa responsable a que asume a xestión do servizo, coa carga de xestión que supón, e a responsabilidade económica, laboral ou de seguridade que comporta.

Esta situación está a levar a unha situación de tensión en moitos centros. En concreto, no colexio Pío XII a directiva existente dimitiu por negarse a manter a xestión do servizo do comedor para o próximo curso, sendo a opinión maioritaria de pais e nais contraria a esta decisión. Polo contrario, no colexio Raiña Fabiola a asemblea da ANPA acordou por unanimidade trasladar a xestión do comedor á consellería de Educación.

Sabemos das dificultades financeiras que están soportando o conxunto das administracións públicas. Pero non debemos facer que estas socaven a calidade dos servizos públicos esenciais, nin que se manteñan diferenzas inxustificadas entre uns centros e outros. A Xunta de Galicia ten que por en marcha fórmulas de xestión e financiamento que permitan, na actual situación de axuste de ingresos nas finanzas públicas, soportar o servizo de comedores: hoxe xa o están a facer as familias, organizadas en ANPAS, en moitos centros, e polo tanto é posible. Trátase de dotar da estabilidade e a garantía da Administración educativa a un servizo básico para moitas familias.


Por iso, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

Ten previsto a Consellería de Educación asumir a xestión de comedores escolares en máis centros educativos de Santiago de Compostela para o curso 2011-2012?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Guillermo Meijón Couselo



 Grupo Parlamentario

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/04/2011 18:42:00

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 14/04/2011 18:42:03
.....



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ricardo Varela Sánchez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.


Cal é a razón pola que os informativos TX1 e TX2 do día 13 do presente mes, facéndose eco dunha denuncia do Partido Popular contra o alcalde da Coruña, a TVG utiliza na información un rótulo que responde a nomenclatura acuñada polo Partido Popular “Operación Dedazo”, como si fose unha denominación dalgunha causa administrativa ou xudicial, causa inexistente?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2011

Asdo.: Ricardo Varela Sánchez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Varela Sánchez na data 15/04/2011 12:39:26

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O CEIP “Joaquín Loriga” de Prado, concello de Lalín, conta dentro do recinto escolar con catro vivendas distribuídas en dous bloques de dúas vivendas cada un. Cada vivenda tiña, ata agora, un contador eléctrico individual e o profesorado adxudicatario da mesma ten a obriga de asumir o pago do recibo da electricidade correspondente á vivenda que ten adxudicada.

No inicio de cada curso escolar, os directores/as dos centros publican as vivendas que están baleiras para que o profesorado con destino definitivo no centro (excepcionalmente con destino provisional, perdendo o dereito en canto abandonan o centro) as poida solicitar á Xefatura Territorial, que é quen asina a resolución de concesión.

No curso 2009-2010 adxudicouse unha vivenda á unha profesora que nese momento estaba provisional no centro. Durante dito curso, e parte do curso 2010-11, operarios do concello estiveron traballando na remodelación total non de unha senón de dúas vivendas, pero cunha particularidade: o resultado final foi a unión das dúas vivendas nunha soa do dobre de superficie tanto de edificación como de xardín, xa que tamén se procedeu a eliminar o muro que dividía os dous xardíns e comunicáronse interiormente as dúas vivendas.

O resultado final é unha vivenda de preto de 180 metros cadrados, sen contar a zona de xardín, e cun acabado (véxanse por exemplo as dúas portas de aluminio lacado branco) máis que aceptable.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As dúas vivendas iniciais, como xa se dixo tiñan cada unha o seu contador eléctrico, e coas obras non só se quitaron os dous, senón que se conectou directamente á luz do centro (semella que ao pavillón), polo que a enerxía eléctrica que se consuma pasará a ser abonada polo concello de Lalín.

Xa que logo, o concello alterou o número e as superficies das vivendas existentes, namentres denega a realización de obras demandadas no propio centro por toda a comunidade educativa (entre outras, o arranxo do patio en estado lamentable e obras na aula de infantil) e en cambio realizou o acondicionamento das vivendas. Así mesmo, non fan practicamente ningunha obra nos outros colexios nos dous últimos cursos coa desculpa de que os operarios municipais están traballando no CEIP “Joaquin Loriga” de Prado.

Non semella encomiable, por parte do concello de Lalín, que esta sexa a súa forma de entender as obrigas e prioridades que debe ter un concello cos centros educativos con que conta no seu territorio.

Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as actuacións do concello de Lalín nas vivendas do CEIP “Joaquin Loriga” de Prado?
2. Como valora a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tales actuacións?
3. Ten dado a súa aprobación a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para alterar a estrutura orixinal das vivendas e xardíns colindantes e mesmo a proceder á conversión de dúas vivendas nunha única?



Grupo Parlamentario


Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Considera a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que entra nas obrigas do concello de Lalín facerse cargo do consumo eléctrico da vivendas adxudicadas a docentes?
5. De ser así, considera que esta obriga debe ser estendida a todos os concellos de Galicia?
6. De non ser así, pensa actuar dalgunha maneira contra esta actuación do concello de Lalín?
7. Entende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se teñen respectado todos os pasos legais na adxudicación das vivendas para docentes no concello de Lalín?
8. Considera a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que no concello de Lalín foron seguidas de forma escrupulosa todas as formalidades indicadas no marco normativo actual referidas á concesión das vivendas a docentes?
9. Ten realizado a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria directamente, ou a través da Xefatura Territorial de Pontevedra un seguimento das distintas fases da adxudicación das vivendas para docentes en Lalín?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 15/04/2011 12:48:20

María Concepción Burgo López na data 15/04/2011 12:48:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/04/2011 12:48:38

Francisco Xulio Cerviño González na data 15/04/2011 12:48:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:51
Nº Rexistro: 64019
Data envío: 15/04/2011 12:51:08.795

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás actuacións que ten previsto levar a adiante a Xunta de Galiza para asumir a xestión directa do servizo de comedor escolar nos centros educativos de Santiago de Compostela.

Os servizos complementares nos centros educativos xogan un papel moi importante á hora de favorecer a conciliación da vida persoal e laboral. As xornadas laborais na Galiza caracterízanse por horarios que, na maior parte dos casos, non son coincidentes cos horarios escolares. Esta circunstancia motiva que a demanda de servizos complementares sexa moi importante, condicionando ás nais e pais á hora de decidir onde escolarizar aos seus fillos e fillas. Para dar resposta a estas demandas, ante o insuficiente compromiso da administración educativa neste terreo, naqueles centros onde non é obrigatorio o servizo de comedor, son as propias Asociacións de Nais e Pais, quen veñen autoorganizándose para poder contar con estes servizos –ou outros como os programas de madrugadores, actividades extraescolares...-. Porén, estas solucións, poñen de manifesto as carencias do propio sistema educativo e a necesidade dunha adaptación da oferta de servizos complementares no ámbito do ensino público ás demandas que hoxe teñen as familias galegas.

Un exemplo paradigmático desta situación é a cidade de Santiago de Compostela. Todos os centros públicos da cidade -agás o da Sionlla- que contan cun servizo de comedor é polo esforzo das Anpas. Mais neste momento, conscientes de que este



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:51
Nº Rexistro: 64019
Data envío: 15/04/2011 12:51:08.795

modelo non garante os servizos pois depende da vontade das directivas, apostan porque sexa a Xunta de Galiza quen asuma a xestión destes servizos. Indican, nun comunicado feito público pola Federación de Anpas de colexios públicos de Santiago, que “non piden a gratuidade dos comedores escolares, declaramos que non é a nosa competencia xestionalos”.

Segundo a información que se ten feito pública hai centros nos que a Anpa non vai seguir prestando este servizo, pois entenden que esta é unha labor que lle corresponde á administración educativa. Unha situación que debería preocupar a Xunta e motivar algún tipo de actuación.

O Decreto que regula o funcionamento dos comedores escolares, sinala no seu artigo segundo que o servizo de comedor prestarase con carácter xeral, por xestión directa polo propio centro ou mediante a elaboración de comidas centralizadas en cociñas propias con persoal da Administración. Cando isto non sexa aconsellábel, ou esta xustificado, pódese contratar con algunha empresa do sector hostaleiro. Esta norma establece con carácter excepcional, que sexan outras administracións ou as Anpas as prestadoras deste servizo en colaboración coa Xunta de Galiza.

Desde o G. P. do BNG consideramos que a prestación de servizo de comedor é hoxe unha demanda do conxunto da sociedade, á que a administración educativa debe dar resposta. É un elemento clave para a consolidación do ensino público e para facilitar a necesaria conciliación da vida laboral e familiar. Cremos que a prestación deste servizo non poden depender do voluntarismo de nais e pais e require dun compromiso maior da Xunta de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:51
Nº Rexistro: 64019
Data envío: 15/04/2011 12:51:08.795

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.^a) Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a demanda de que sexa a administración educativa quen asuma a xestión dos comedores escolares?
- 2.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza asumir a xestión dos comedores escolares dos centros públicos de Santiago de Compostela?
- 3.^a) En caso afirmativo, en que prazo? Vai garantir, como mínimo, unha oferta equivalente á que existe na actualidade?
- 4.^a) En caso negativo, que xustifica esta posición?
- 5.^a) Descoñece a Xunta de Galiza que estes servizos son básicos para a conciliación da vida laboral e familiar?
- 6.^a) Chegou a Xunta de Galiza a un compromiso co Portavoz do PP no concello de Santiago para asinar un convenio para financiar os comedores?
- 7.^a) Considera a Xunta de Galiza que este proceder respecta as normas de xogo democrático?
- 8.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza continuar funcionando como unha terminal do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 12:51
Nº Rexistro: 64019
Data envío: 15/04/2011 12:51:08.795

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

María do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/04/2011 12:44:17

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 12:44:22



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e María do Carme Adán, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á calidade de subministro no barrio da Fraga, no concello de Gondomar.

O barrio da Fraga na parroquia de Vincios, malia estar a carón dun potente polígono industrial coma é o da Pasaxe, un polígono razoablemente ben dotado encanto ao subministro eléctrico, non dispón de suficiente tensión eléctrica cos conseguintes prexuízos para os veciños do barrio. Isto tampouco lle importa á empresa subministradora Gas Natural-Fenosa, que cobra puntualmente por un servizo que non presta, e que non ten reparo en facelo sen corrixir esta situación malia ás continuas subas no recibo aplicadas.

Neste barrio, na Fraga, si se pon a funcionar un electrodoméstico non vai o outro, aínda que sexa de pouco consumo e aqueloutros que son ou teñen certa sensibilidade as baixadas e subidas de tensión eléctrica sen control acaban por estragarse cos conseguintes gastos. Non deixa de ser significativo o trato a estas persoas cidadáns como de segunda e o menosprezo ás súas reclamacións.

Estamos falando de máis de 400 veciños e veciñas situados a carón dun polígono industrial e a cinco minutos do Campus da Universidade de Vigo ou da propia cidade olívica, non dun barrio perdido e afastado de espazos urbanos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dadas estas circunstancias obríganos a presentar as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Coñece a situación do subministro eléctrico no barrio da Fraga, situada no concello de Gondomar?.

2ª) Ten feito algún estudo ou análise sobre a calidade de subministro a este barrio?.

3ª) Tense dirixido á empresa subministradora para reclamarlle actuacións tendentes a corrixir ditas deficiencias?. De ser certo, en que termos, cando foi, e cales foron os resultados?.

4ª) Dadas as queixas frecuentes por parte das persoas veciñas, que é o que pensa facer o Goberno para garantir o subministro nas condicións regulamentarias?.

5ª) Cales son os prazos marcados para subsanar ditas deficiencias?.

Santiago de Compostela, 14 de abril do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Carme Adán Villamarín

Deputado e Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 15/04/2011 13:11:32

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 13:11:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 13:41
Nº Rexistro: 64028
Data envío: 15/04/2011 13:41:00.644

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria está a reducir de forma considerábel os dereitos de formación do profesorado galego. Se cadra cómpre lembrar que a formación do profesorado é un aspectos básico da calidade educativa. De feito, a propia Lei Orgánica de Educación destaca a súa importancia adicándolle o capítulo III que define a formación inicial, a formación permanente e a formación permanente do profesorado de centros públicos. Asemade recoñece como parte da función docente a exixencia de formación e a necesidade de actualización, innovación e investigación. A formación permanente queda plasmada en dita lei como “un dereito e unha obrigaón de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións educativas e dos propios centros”.

En Galiza o modelo de formación do profesorado acaba de sufrir un novo e forte recorte. A Consellaría de Educación elimina, sen ter o consenso na Mesa Sectorial, as catro modalidades de duración anual e reduce as cuadrimestrais a trimestrais das lizenzas por estudos. Dun só plumazo son liquidadas 58 prazas para realizar Teses de doutoramento, licenciaturas e diplomaturas. Asemade, todas as lizenzas cuadrimestrais redúcense a trimestrais ou bimensuais, das modalidades de formación en linguas estranxeiras exclúense todos e todas os/as especialistas en linguas (galego, castelán, inglés, francés, portugués, alemán,...) e tamén todo o profesorado que non teña o nivel B1. Asemade o profesorado que imparte Educación Infantil, Formación



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/04/2011 13:41

Nº Rexistro: 64028


Data envío: 15/04/2011 13:41:00.644

Profesional, Bacharelato ou ensinanzas especiais superiores e de idiomas queda excluído das modalidades de elaboración de materiais dixitais dirixidas exclusivamente a materiais para terceiro ciclo de Primaria e primeiro da ESO. Tampouco se recollen licenzas para a realización de proxectos para a galeguización dos currículos, nin para a elaboración de materiais en galego para FP ou as ensinanzas artísticas, unha necesidade que non se pode negar desde a propia Administración.

Tamén debemos destacar como esta nova convocatoria favorece a discrecionalidade na concesión das licenzas, pois o peso da valoración do proxecto pasa a ser do 50% e noutras o 100%, cando até agora era do 30%. Redúcese así o peso da puntuación obxectiva e vai ser a decisión tomada pola comisión integrada pola propia Consellaría.

Asistimos realmente a unha redución superior ao 27% respecto aos anos anteriores. Elimínase a investigación e a innovación ligada aos currículos educativos, ao eliminar todas as licenzas destinadas á elaboración de teses -considérese que até agora valorábase nelas *“a súa relación co currículo das áreas ou materias de todas as etapas educativas e o interese que ofrezca para mellorar a calidade do ensino”*-, imposibilitando que o profesorado non universitario faga investigación, e suprime todas as relacionadas coa obtención dunha primeira ou segunda titulación. Impídelle ao profesorado que non ten a titulación requirida para o seu posto, por mor dos cambios lexislativos que agora esixen unha nova titulación, que acceda a unha licenza para obter unha diplomatura ou licenciatura para estabilizarse no seu posto de traballo.

Por isto, fórmulase a seguinte pregunta:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 13:41
Nº Rexistro: 64028
Data envío: 15/04/2011 13:41:00.644

Por que motivos se priva ao profesado do seu dereito á formación a través da modalidade de licenzas por estudos?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 13:24:52



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 13:43
Nº Rexistro: 64029
Data envío: 15/04/2011 13:43:09.329

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Segundo un estudo feito pola CIG-Ensino e feito público aos medios de comunicación durante esta semana, son varios os concellos e centros que non poden garantir prazas escolares ao alumnado de 3 anos nos centros públicos a todas as familias que solicitan praza. Segundo este estudio, faltan prazas en concellos como: Ames, Lugo, Culleredo, A Coruña, Ourense, Vigo, Pontevedra, Sanxenxo, Vilagarcía, O Porriño, Caldas, Cuntis, Vilagarcía, Lalín, Carballo, Ordes, Betanzos.

Ante esta situación formúlase a seguinte pregunta:

Esta garantida por parte da Consellaría de Educación o número de prazas escolares públicas suficientes para cubrir a demanda dos diferentes concellos de Galiza?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2011 13:43
Nº Rexistro: 64029
Data envío: 15/04/2011 13:43:09.329

Maria do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2011 13:32:12

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727